

REAL ACADEMIA GALEGA

REFLEXIÓNS CRÍTICO-ERUDITAS
E SENTIMENTAIS SOBRE A LINGUA

DISCURSO LIDO O DÍA 7 DE MAIO
DE 1999, NO ACTO DA SÚA RECEPCIÓN,
POLO ILUSTRÍSIMO SEÑOR DON

RAMÓN LORENZO

E RESPOSTA DO ILUSTRÍSIMO SEÑOR DON

CONSTANTINO GARCÍA



A CORUÑA
1999

DEMIA
A
UÑA

77

eca

37877

1924



REFLEXIÓNS CRÍTICO-ERUDITAS E SENTIMENTAIS SOBRE A LINGUA

de
por
de
de
de



Coimbra, 1924
Tipografia da Universidade de Coimbra

34847



REFLEXIÓNS CRÍTICO-ERUDITAS
E SENTIMENTAIS SOBRE A LINGUA

EDITADA POR O ILUSTRÍSIMO SEÑOR DON
RAMÓN LORENZO
E RESPONDA DO ILUSTRÍSIMO SEÑOR DON

RAMÓN LORENZO

E RESPONDA DO ILUSTRÍSIMO SEÑOR DON

CONSTANTINO GARCÍA



Deposito legal 60-344-1999

ISBN 84-7967-18-2

REAL ACADEMIA GALEGA

Edición de Constantino García

Impreso en Galicia, S. L., Polígono Industrial de Fontán, 35 D Fontán - 28101

A CORUÑA
1999



REFLEXIÓNS CRÍTICO-ERUDITAS
E SENTIMENTAIS SOBRE A LINGUA

I.S.B.N.: 84-87987-16-8

Depósito Legal: VG-343-1999

© REAL ACADEMIA GALEGA, 1999

Producción: Editorial Galaxia, S. A.

Impresión: Obradoiro Gráfico, S. L., Polígono Industrial do Rebullón, 52 D (Puxeiros) - MOS

REAL ACADEMIA GALEGA

REFLEXIÓNS CRÍTICO-ERUDITAS
E SENTIMENTAIS SOBRE A LINGUA

DISCURSO LIDO O DÍA 7 DE MAIO
DE 1999, NO ACTO DA SÚA RECEPCIÓN,
POLO ILUSTRÍSIMO SEÑOR DON

RAMÓN LORENZO

E RESPOTA DO ILUSTRÍSIMO SEÑOR DON

CONSTANTINO GARCÍA



A CORUÑA
1999

REAL ACADEMIA GALlega

REFLEXIÓNS CRÍTICO-ERUDITAS
E SENTIMENTAIS SOBRE A LINGUA

DISCURSO LIDO O DÍA 7 DE MAIO
DE 1992, NO ACTO DA SÚA RECEPCIÓN,
POLO ILUSTRÍSIMO SEÑOR DON

RAMÓN LORENZO

E RESPÓSTA DO ILUSTRÍSIMO SEÑOR DON

CONSTANTINO GARCÍA



ISBN 84-7000-185-1

Deposito Legal: VO-207-1992

Real Academia Gallega, 1992

Deposito: 207-1992

Impreso en: Diestros Grafos, S. L., Pousa do Castelo, 30 (S. P. de Caldas), 15100

A CORUÑA
1992

DISCURSO
DE ILUSTRÍSIMO SEÑOR
DON RAMÓN LORENZO

Ilustrísimo Señor Presidente da Real Academia Galega, señoras e señores académicos, miñas donas e meus señores.

As miñas primeiras palabras neste acto solemne teñen que ser para pedir desculpas pola miña tardanza de tantos anos (van aló 18) en face-lo discurso de ingreso nesta docta institución. Teño varias razóns, moi poderosas para min, que me levaron a esta demora desmesurada, mais non é a miña intención face-las públicas neste momento. Xunto ás desculpas debo expresa-lo meu agradecemento a todos aqueles que contribuíron a que a Academia me acollese no seu seo.

Eu tiven a sorte de ter que substituír na Academia a unha persoa que merece toda clase de eloxios e que posuía tódolos méritos para pertencer a ela. Refírome a Eduardo Blanco Amor, unha das grandes figuras da nosa literatura. Como a primeira parte do discurso de ingreso consiste en facer unha loa do académico predecesor, eu fun tomando datos sobre Blanco Amor e redixín a miña *laudatio*, pero, cando andaba dándolle o remate, xurdíronme as dúbidas, porque Blanco Amor, nomeado académico correspondente o 19 de abril de 1951 e proposto como académico numerario o 30 de xaneiro de 1972 para ocupa-la vacante deixada por don Paulino Pedret Casado, nunca leu o discurso de ingreso. Por esta razón houbo un momento en que non souben se debía dedicarlle as miñas palabras ó escritor ou ó benémerito profesor de Dereito Canónico. Decanteime por Blanco Amor porque está máis próximo dos meus gustos e do meu pensamento, mais algúns académicos convencéronme de que tamén lle debía dedicar unhas palabras a don Paulino e por iso o fago a continuación.

Don Paulino Pedret Casado naceu en Santiago en 1899 e morreu na mesma cidade en 1969. Estudiu o Bacharelato entre 1909 e 1917 e, atraído polo estudio do latín, decidiuse a ingresar tamén no Seminario, onde puido coñece-la doutrina escolástica. Tamén estivo cunha bolsa de estudos durante tres anos en Roma, familiarizándose cos mellores teólogos

contemporáneos. En 1921 recibiu a Orde do Subdiaconado e un ano despois foi ordenado presbítero en Tui polo bispo Manuel Lago González. Ó mesmo tempo que fixo a carreira eclesiástica, tamén estudou Dereito en Santiago (con licenciatura en xuño de 1921). A continuación fixo os cursos de doutoramento en Madrid en 1922 e comezou a prepara-la súa tese sobre Dereito Canónico. Máis tarde, entre 1927 e 1929, estudou Filosofía e Letras (con licenciatura en Santiago o 29 de setembro de 1929). Rematados os estudos eclesiásticos e de Dereito, fixo oposicións e estivo como capelán do Exército (1923) e da Armada (1925), cousa que non o entusiasmaba, polo que en 1928 regresou a Santiago. Alí conseguiu un posto de profesor-axudante na Facultade de Dereito, onde gañou en 1930 a praza de profesor auxiliar e en 1942 a de catedrático de Dereito Canónico, que desempeñou ata a súa morte, alternando as clases con traballos de investigación, conferencias, participación en congresos e saídas ó estranxeiro para ampliar coñecementos e dar a coñece-los seus. Foi membro do Seminario de Estudos Galegos, do Instituto Padre Sarmiento (do que era vicedirector á súa morte) e nalgún momento decano da Facultade de Dereito. Ademais, foi elixido membro numerario da Real Academia Galega o 8 de decembro de 1940 e leu o discurso de ingreso o 27 de xullo de 1941. Tamén foi membro numerario da Academia Galega de Xurisprudencia e Lexislación da Coruña (o seu discurso foi sobre a evolución do ensino do Dereito na Universidade de Santiago).

Don Paulino non foi home de grandes obras científicas, pero deixou bastantes artigos e notas en folletos, revistas científicas ou de divulgación e en periódicos, nos que trata fundamentalmente temas de carácter histórico, xurídico, biográfico ou relixioso. Coñecía moi ben a historia, especialmente a de Santiago, que sempre lle interesou, escribindo sobre o Santiago da primeira metade do século XX (*Lar*, 248-250, 1954, 9-10), sobre nomes de rúas na Compostela do século XII (*CuEG*, XXI, 63, 1966, 126-128), sobre a Facultade de Dereito ó comeza-lo ano 1900 (*Lar*, 236-237, 1953, 39-40), sobre os seus recordos do ano 1909 (*Lar*, 302, 1959, 31-32). Tamén son frecuentes as súas evocacións de persoeiros ilustres, coma A. Brañas (*BRAG*, 27, 1956, 388-395), E. Oviedo Arce (*Lar*, 260-262, 1955, 23-24), E. Carré Aldao (*BRAG*, 29, 1959, 9-10), López Ferreiro (*Lar*, 272-274, 1956, 33-34), G. Laverde Ruiz (*CuEG*, 11, 1956, 303-306; *Boletín de la Bibl. Menéndez y Pelayo*, XXXVI, 1961), Cornide (en *XIV Congreso da Asoc. Esp. para el Progreso de las Ciencias*, Madrid, 1935, 372-382; *CuEG*, V, 15, 1950, 133-143), Colmeiro (en *Études juridiques en l'honneur du Prof. Colmeiro*, Santiago, Universidade, s. a., pp. 173-179), P. Pé-

rez Constanti (*CuEG*, 12, 1957, 243-248), A. Pardo Villar (*BCPMO*, XIX, 1957-1958), S. Cabeza de León (*CuEG* XIX, 1964, 259-262) ou C. Sánchez Rivera (*BRAG*, XXV, nº 289-293, xan. 1946-dec. 1950, 152-154). A este respecto merece unha recordo especial o seu artigo "Mis maestros gratuitos" (*Boletín Univ. Santiago*, 64, 1956, 73-136), onde se refire a unha serie de persoas que lembra con especial interese. Ademais, escribiu artigos sobre os partidos políticos españois desde a Revolución de 1868 ata 1900 e no primeiro cuarto do século XX (conferencias nos cursos de formación política, Santiago, Universidade, 1950 e 1951), sobre as cátedras da Universidade de Santiago ata o plano de estudos de 1772 (*CuEG*, I, 2, 1944, 237-245), sobre os Lectorais de Decreto e a antiga Facultade de Cánones da Universidade de Santiago (*Rev. Esp. de Der. Canónico*, 2, 1946), sobre a oposición a unha cátedra de Medicina de Varela de Montes (*CuEG*, VIII, 26, 1953, 423-426), sobre o bispo de Quito don Alonso de la Peña Montenegro, benfeitor da Universidade (*Boletín Univ. Santiago*, 51-52, 1948, 41-47), sobre un aspecto do padre Vitoria (en C. Barcia e outros, *Francisco de Vitoria*, Santiago, 1947, 271-295) e sobre a Colexiata do Sar (*CuEG*, IV, 14, 1949, 339-348). Outros artigos fan referencia ó Dereito Canónico e a temas eclesiásticos. Por exemplo, sobre Menéndez Pelayo historiador da igrexa española (na *Homenaxe a Luis Legaz Lacambra*, Santiago, 1960, 743-751), o matrimonio nas constituicións sinodais de Galicia desde o Concilio de Trento (discurso inaugural da apertura de curso 1943-1944), os cóngos cardeais de Santiago (*AHDE*, XIX, 1948, 590-592), Dereito Canónico (*Fuentes del conocer del Derecho Canónico*, folleto de 1950), a devoción á Virxe de Lurdes na diócese de Santiago e o culto á Virxe María na cidade de Santiago (*Compostellanum*, 3, 1958, 165-166, e 6, 1961, 625-631), sobre a vinda de Santiago o Maior a España (en *Santiago en la Historia, en la literatura y el arte*, vol. I, Madrid, Editora Nacional, 1954, 75-82), sobre o Concordato de 1953 en relación co de 1851 (nos *Cursos Monográficos del Doctorado*, 1955). Por outra banda, na Revista *Spes* publicou diferentes artigos nos anos 1945 (sobre a relixión, vida do Santiago histórico e sobre o Seminario de Santiago), 1947 (sobre Santiago Monástico e Histórico, sobre Santiago, o Tradicionalismo e López Ferreiro e sobre Antonio Javier Álvarez), 1948 (Orientais en Compostela), 1950 (Santiago e Roma), 1952 (sobre a Semana Santa en Santiago) e 1954 (comparación entre o Ano Santo compostelano e o romano e sobre o culto á Inmaculada).

Lamentablemente, a maior parte da súa produción está en castelán e, aínda que tivo interese por Galicia e a lingua, nunca estivo metido de cheo

nunha militancia reivindicadora da lingua, por máis que se nota un achegamento maior ó galego nos anos anteriores á Guerra Civil. Así, en 1934 publicou o artigo "O meu galeguismo" (Revista *Alento*, nº 4, out. 1934, 72-77; reproducido en *Grial*, VII, nº 25, 1969, 367-370), tremendamente esclarecedor. Nel di que a súa posición "ante o galeguismo é apolítica" e que ten "fondas e moi fortes ideas políticas ... dende que era case un neno", aínda que as impurezas da realidade, o seu "cada vez maior escepticismo dos homes e das súas organizacións, e o medo ás inxustizas humanas" arrincaron del toda vocación de político. "En troques —segue dicindo— teño unha inesgotable curiosidade por saber, un espírito ilimitado de crítica e unha grande estima da propia dignidade. Por iso, sen ser de ningún partido político, a miña alma é, dende hai moitos anos, galeguista" (*Grial*, p. 367).

A orixe do seu galeguismo está nun resentimento ó ve-lo desprezo con que se trataba a Galicia, o labor de desgaleguización de varios séculos e tamén porque, cando estaba na escola secundaria, empezou a decatarse de "que dalgúns dos postos máis esgrevios de Santiago se fixeran donos homes non nados na nosa Terra, que seguían chamando a outros veciños seus, namentras os de aquí xexuaban. E fixeime en que paisanos deles eran os que facían bulra da nosa lingua e do noso carácter, na súa literatura e nos seus falares". Con todo, el tiña un grande amor á humanidade e coidaba "que os mesmos estados de hoxe están chamados co tempo, máis cedo ou máis tarde, xuntos ou separados, a deixar caer os muros das fronteiras ante o degoiro de paz, de humanidade e ata de interese de todos". Por iso non odiaba ós que nos aldraxaban e mesmo estimaba "que a xuntanza con eles na unidade hispana é unha andada máis na roita da humanidade, que as patrias galega e outras fixeron hai xa tempo" (*Grial*, p. 367).

Da bibliografía que se cita na *Gran Enciclopedia Galega* e en Couceiro Freijomil¹ só temos en galego tres títulos. Dous deles son de antes da Guerra: o que acabo de citar e a "Traducción galega da obra de San Martiño de Braga DE CORRECTIONE RUSTICORUM", na revista *Nós*, t. IX, Ano XIV, nº 97, 15 de xaneiro de 1932, pp. 4-12. Se lle facemos caso a Couceiro Freijomil, e el debía sabelo, tamén se debe a Pedret Casado o folleto *Algunhas normas pra unificación do idioma galego*, Santiago, s. a., publica-

1. *Gran Enciclopedia Gallega*, t. 24, Santiago, Silverio Cañada, s. d., pp. 120b-121a; Antonio Couceiro Freijomil, *Diccionario bio-bibliográfico de escritores*, vol. III, Santiago de Compostela, Editorial de los Bibliófilos Gallegos, 1953 (na portada di 1954), pp. 55-57. Cf. tamén Antonio Fraguas Fraguas, "Don Paulino Pedret Casado", *CuEG*, XXV, nº 75, 1970, 5-19; íd., "Lembrando a Paulino Pedret Casado", *BRAG*, 32, nº 359, dec. 1977, 321-334.

do sen nome de autor polo Seminario de Estudos Galegos. De despois da guerra só se cita un pequeniño artigo de 1958 co título "Dous dos meus records de Otero Pedrayo"². Deben engadirse a estes artigos outro traballo titulado "Ensaio pra unha teoría do galeguismo" (*Alento*, nº 9, marzal 1935, 177-182), así como os prólogos á edición das *Novelas de López Ferreiro* (Santiago de Compostela, Bibliófilos Gallegos. Biblioteca de Galicia, VII, 1953) e a *Sospiros d'a y-alma* de Antonio Prado Díaz (Santiago de Compostela, Imp. Paredes, 1968).

Tendo en conta todo isto, máis que pola súa obra, eu sempre lembrarei a don Paulino pola súa humanidade, polo seu amor á terra e pola súa extrema bondade e simpatía.

Con referencia a Blanco Amor, debo empezar dicindo que, nun principio, estiven tentado a facer como discurso de ingreso unha valoración persoal do autor e unha análise crítica das súas ideas lingüísticas, pero despois desistín deste propósito. Ata o momento de face-lo discurso sempre fixera unha distinción entre o Blanco Amor persoa e o Blanco Amor escritor, ignorando á persoa e interesándome unicamente polo escritor, e mesmo así cunha limitación: coñezo toda a súa obra publicada en galego, pero nunca lin a súa obra escrita en castelán por unha cuestión de principios, porque desde hai tempo me nego a ler obras escritas en castelán por escritores galegos. Hoxe, tras manexar bastante bibliografía antes de face-la *laudatio*, perdín o prexuízo que tiña contra o autor por culpa dos prólogos que puña a algunhas obras e tamén me interesa a persoa.

Blanco Amor é unha figura moi estudiada polos críticos literarios e a eles me remito. Naceu en Ourense en 1897 e morreu en Vigo en 1979. Viviu en Ourense ata 1919 e alí tivo unha formación de autodidacta, entrando en contacto con Vicente Risco, que influíu moito nel, e con outros importantes intelectuais ourensáns. Nas tertulias e a través das páxinas de *La Centuria* (publicada entre xuño de 1917 e xullo de 1918) chegou a coñecer-la literatura modernista, as vangardas, os simbolistas franceses, Tagore, etc. e colleu o gusto pola literatura. Ademais, tivo a posibilidade de saber como se confeccionan os periódicos por estar algún tempo como "escribidor" do director de *El Diario de Orense*.

En 1919 emigra á Arxentina, onde comezou a traballar nun banco e continuou dedicándose ás letras e a ampliar-la súa formación autodidacta. Axíña

2. En *Ramón Otero Pedrayo, a súa vida e a súa obra*. Homaxe da Galicia Universal, Caracas, 1958, p. 24.

se puxo en relación cos galegos da emigración e comezou a súa teima por galeguizar a un colectivo bastante desarraigado, que só tiña interese en que os fillos aprendesen castelán, ó mesmo tempo que inicia a súa carreira de xornalista, que lle daría grande fama, unida á de escritor e conferenciante. Nos primeiros anos escribe artigos en *Acción Gallega* (1920, 1921) e ten correspondencia con Risco, que o anima a crea-la Irmandade Nacionalista Galega. Así, o 25 de xuño de 1923 fúndase e aparece *Terra*, boletín da cultura galega, idearium da Irmandade Nacionalista Galega na América do Sur, da que é redactor-xefe. Na páxina 5 do primeiro número hai un traballo del no que fala dun nacionalismo vinculado co sentimento da terra, seguindo o ideario das Irmandades da Fala e avogando por un galeguismo integrador. Pouco despois, o 30 de setembro de 1924, aparece *Céltiga*, da que é co-director, onde publica artigos de opinión e defende a cultura galega (de 1924 a 1929). Isto mesmo fará en *El Despertar Gallego*, periódico que pasa a dirixir en 1926 dándolle unha orientación máis galeguista. Neste periódico, e máis tarde, en *Galicia: Portavoz de la Federación de Sociedades Gallegas* (onde escribe numerosísimos artigos entre 1931 e 1940), dedícase á concienciación dos emigrantes e escribe artigos e editoriais de gran forza expresiva e con toda a paixón da que é capaz. Por outra banda, en 1925 empeza a escribir en *La Nación*, onde gañou fama e deu a coñecer ós arxentinos a cultura da nosa terra (ata 1936). En 1927 visita Montevideo, onde dá conferencias sobre o rexurdimento galego, e entre 1926 e 1928 goza dunha época de grande actividade cultural e política.

En outubro de 1928 volve á Península como corresponsal de *La Nación* e permanece aquí ata marzo de 1929. Viaxa por Galicia, acércase á tumba de Rosalía, que sempre foi un símbolo para el, vai a Madrid e Toledo, entra en contacto con escritores e xornalistas galegos e españois e envía crónicas sobre Galicia para *Céltiga* e *La Nación*. De regreso permanece na Arxentina ata 1933 e alí toma con forza a causa da República, ten correspondencia cos galeguistas e na Federación de Sociedades Galegas convértese no guieiro dos emigrantes defendendo a Autonomía de Galicia. Xa en marzo de 1933 volve a Galicia coma corresponsal de *La Nación* e queda en España ata finais de 1935, enviando sistematicamente reportaxes sobre a nosa terra e a Península Ibérica para este xornal e para outros (*La Prensa*, *El Mundo*, *La Razón* ou *El Día de Montevideo*). Nesta época incrementábase o seu labor como escritor. Ten relación cos galeguistas, pero con dificultades debido á súa independencia de criterio (quexábase en carta a Suárez Picallo (28-3-1934) de que lle chamen "galeguista por libre"). Relaciónase cos intelectuais de Madrid, toma parte en actividades cultu-

rais e políticas e pasa a ser redactor-xefe da revista *Civdad. Revista de Madrid para toda España*, creada por Víctor de la Serna. Coñece a García Lorca e chega a ter gran relación con el e con Alberti. En 1935 visita Lorca, Granada e Marrocos e fai magníficas reportaxes sobre aquela parte do mundo, algunhas publicadas tamén en *El Pueblo Gallego* (xornal no que escribe entre 1928 e 1935). Por outra banda, en 1935 desde a radio transmite para Buenos Aires entrevistas a personalidades políticas e intelectuais (Marañón, Ortega, Unamuno, Madariaga e Azaña).

De volta a Buenos Aires e durante a Guerra toma a causa da República e escribe especialmente no xornal *Galicia* contra Franco. É unha época de plena actividade política con conferencias, actos e manifestacións a prol da República. En 1937 é nomeado Viceconsul da República en Buenos Aires, en 1938 Cónsul en Mendoza e recibe unha carta do secretario particular do Presidente da República felicitándoo polo seu labor.

Despois da Guerra segue coas mesmas ideas en contra de Franco, escribe contra el no periódico *Galicia*, dá conferencias, asina manifestos e volve colaborar en *La Nación* (desde 1941, con algúns artigos ata 1959). Por todo iso en 1946 a colectividade republicana no exilio dálle un banquete-homenaxe, no que están presentes algúns exiliados famosos. Ademais, comeza a realizar outras actividades. Funda e dirixe na radio *Arte y Cultura de España*, onde emite programas culturais hispanos, e en 1942 funda e dirixe o Teatro Español de Cámara El Tinglado para representar fundamentalmente obras do teatro clásico menor español, con actuacións polas principais cidades da Arxentina. Ó mesmo tempo inicia a súa andaina como profesor invitado en diversas universidades americanas, labor que realizou durante moitos anos. De 1945 a 1948 actúa nos cursos de verán da Universidade de Montevideo (tamén en 1956); entre 1949-1950 pasa oito meses en Chile dando conferencias, dirixindo un seminario de dicción na Universidade e cursos de Oratoria na Escola Naval Militar de Valparaíso; de 1955 a 1960 é profesor concursante da Escola de Belas Artes da Universidade Nacional de La Plata. Dá tamén clases en Caracas e en Lima e na Arxentina é contratado pola Comedia Nacional durante varios cursos para dar clases de dicción e pola Universidade de La Plata para a Cátedra de Lectura Expresiva e Interpretación de Textos.

En Chile fala na radio, percorre o país e publica numerosos artigos e crónicas no xornal *La Patria*, publicados despois en *Chile a la vista* (1951; 2ª ed. 1952; 3ª corrixida 1957), polo que o goberno chileno lle concedeu a medalla da Gran Orde de O'Higgins "Ó mérito" e os escritores chilenos lle ofreceron un banquete. En 1952 visita Venezuela, onde está case oito meses

entre 1952-1953 e dirixe *Galicia: Revista del Centro Gallego de Caracas* (con artigos nos anos 1952 e 1953). Ademais, en Radio Antártida de Buenos Aires ten a emisión *La Voz de Galicia* e en Mar del Plata dirixe as *Charlas Harrods* sobre poesía. Desde 1954 participa no Instituto Arxentino de Cultura Galega e despois é profesor na Asociación Galega de Universitarios, Escritores e Artistas (fundada en 1956). Neste mesmo ano comeza a dirixir *Galicia: Revista del Centro Gallego de Buenos Aires* (ata 1965, onde publica artigos entre 1956 e 1964 e en 1970). Xa no ano 1957 funda o Teatro Popular Galego para dignifica-lo teatro e o idioma. Escribe tamén nas revistas *Lar* (1951, 1952, 1959, 1960) e *Mundo Gallego* (1952) de Buenos Aires e en *El Nacional* de Caracas (entre 1953 e 1960).

Por esta época anda coa idea de volver a Galicia e faino en 1958, enviado pola Universidade de La Plata e a Escuela Superior de Bellas Artes para coñece-lo teatro e a cinematografía que se facía en Europa. Aproveita a viaxe para andar por Ourense, Vigo e outros lugares de Galicia, para visitar ós amigos, ir a Madrid e despois trasladarse a Italia e París. Regresado a Buenos Aires, nos anos seguintes segue coa súa idea de volver para a nosa terra, ó que o animan algúns amigos de Galicia, que lle fan ve-la posibilidade de que triunfe en España. Volve nun principio en 1963, pero non se adapta, polo que regresa a Buenos Aires, ata que o 15 de xaneiro de 1965 marcha definitivamente de terras americanas, cheo de ilusións e de esperanza e venerado coma unha das grandes figuras da emigración, pero aquí non atopou a felicidade que buscaba. Pensaba que o recibirían coma unha vedette e atopouse coa crúa realidade de ter que vivir con dificultades económicas, por iso se queixa e ten unha visión pesimista, por máis que esta postura de queixa foi moi típica de tódalas épocas, como lembra Díaz Castro: nunca "lle faltaron amigos xenerosos que o foron axudando e que non lograron acadar a súa comprensión, presionada pola súa constante desconfianza de non ser entendido e de que ninguén fixera ren por el"³.

Vive só en Ourense ou en Vigo nos primeiros tempos ata establecerse definitivamente na súa cidade natal e precisa escribir dous ou tres artigos diarios para sobrevivir, facéndoo en *La Región* (1968 a 1997), *La Hoja del Lunes* de Ourense, *El Correo Gallego* (1968-1970), *La Noche* (1966), *Faro de Vigo* (1965-1973), *La Voz de Galicia* (1970-1979), *La Vanguardia* (1970-1976) e *El País* (1977-1979).

Na última década da súa vida, malia as queixas e aínda que sofre algún revés literario, recibe grandes satisfaccións. Publícanse algunhas das súas

3. En Eduardo Blanco Amor (1897-1979). *Unha fotobiografía*, Vigo, Xerais, 1993, p. 15.

obras en galego e castelán, *A Esmorga* é levada ó cine (estréase en 1977), recibe homenaxes e métese de cheo no mundo do teatro entrando en contacto directo cos grupos novos e coa xuventude. Estréanse as súas obras en diferentes lugares, colabora cos grupos teatrais, escribe nos periódicos sobre o teatro e ve recoñecido, por fin, o seu maxisterio e valía.

Do punto de vista cultural Blanco Amor é unha figura indiscutible, pero lamentablemente unha boa parte da súa produción non pertence á nosa cultura, pois está escrita en castelán e, aínda que hai moitos intelectuais que consideran cultura galega todo o que escriben as persoas nadas en Galicia, para min isto non é válido e resulta totalmente falso. Supoño que os mesmos que consideran a Cela ou a Valle Inclán representantes da cultura galega non se arrepían en meter, poño por caso, a Ionesco ou a Samuel Beckett dentro da cultura francesa.

Blanco Amor é un autor moi prolixo e heteroxéneo, pois escribiu poesía, teatro, novelas, contos, ensaios e artigos periodísticos. Como poeta publica o seu primeiro poema en castelán na revista *La Raza* (nº 135, 1918) e entre 1915 e 1922 escribiu bastantes poemas nesta lingua, aínda inéditos (que el chama "Poemas adolescentes"). Ó mesmo tempo empeza a publicar poemas soltos en galego en *Nós* (nº 14, 18, 33, 67, 73 e 114, de 1922, 1923, 1926, 1929 e 1933), *A Terra* (1923) ou *Céltiga* (desde 1925). Xa en 1928 aparecen os *Romances galegos* (Buenos Aires, Editorial Céltiga, 1928), libro ó que seguirá en 1931 *Poema en catro tempos: a un pescador galego* (Buenos Aires, edición do autor, 1931), poemario dividido en catro movementos seguindo unha terminoloxía musical (*Adagio*, *Scherzo adagio*, *presto* e *andante maestoso*) e resultado dunha experiencia vivida a bordo do pesqueiro *Norita* en 1928, con algúns mariñeiros que despois naufragaron noutro barco. Pasa despois á publicación en castelán e aparecen *Horizonte evadido* (Buenos Aires, Vía y Zona, Editores, 1936) e *En soledad amena* (Buenos Aires, Ediciones Resol, Col. Rula, 1941; 2ª ed., Emecé Editores, 1942). Nos anos seguintes segue escribindo poemas en galego e castelán, moitos deles de diatriba política contra o réxime fascista de Franco, e en 1956 publica o *Cancioneiro* (Buenos Aires, Ediciones Galicia del Centro Gallego, 1956), cunha "Xustificación" innecesaria, na que defende que a nosa única poesía é lírica de sentimento. Despois destas datas seguiu a facer poemas en menor proporción e con maior utilización do castelán, mesmo cando estaba en Galicia⁴.

4. Os tres libros de poesía en galego aparecen recollidos en *Poemas galegos*, Vigo, Galaxia, 1980 [Colección Dombate, 4].

Coma autor teatral publicou primeiramente en castelán as *Farsas. Anxélica en el umbral del cielo* —farsa apacible (1943); *La verdad vestida* —farsa violenta (1942); *Amor y crímenes de Juan el Pantera* —farsa para títeres de cachiporra (1941) (Buenos Aires, Ediciones López Negri, 1953), que na segunda edición pasaron a ser seis (*Farsas para títeres*, México, Edición Menhir, Ecuador 0°0'0 Revista de Poesía universal, Director Alejandro Finisterre, 1962)⁵. Nestas pezas concibe os personaxes coma monicreques e fai un teatro parecido ó de guiñol de antes da Guerra, sen romper totalmente coa tradición. En 1955 publica nos números 11, 13 e 16 de *Galicia Emigrante* tres “Contos escénicos” e en 1957 funda o Teatro Popular Galego e fai obras en galego para dignifica-lo teatro e a lingua. Nos anos seguintes segue escribindo e publica *Teatro pra a xente* (Vigo, Galaxia, 1974). Muda de estilo entre os textos casteláns e os galegos, porque nos galegos quere facer un teatro para o pobo, pois considera que os verdadeiros destinatarios do teatro galego teñen que se-los campesiños, os artesáns, os mariñeiros e só unha parte da xente culta. Por iso presenta un realismo costumista sen caer en chocalladas, cunha lingua viva, coloquial e popular.

En 1976 a Editorial Cuadernos para el Diálogo publicou en versión castelá *Farsas y autos para títeres* (Madrid, Editorial Cuadernos para el Diálogo, 1976), onde se incluía o texto inédito “Proceso en Jacobusland / Fantasía judicial en Ningures” (escrito en 1973), que a censura arrincou dos exemplares. Neste mesmo ano a editorial fixo unha segunda edición. Este último texto tamén foi publicado bilingüe pola revista de teatro *Pipirijaina* en 1980 (nº 15, xullo-agosto) e despois en galego por Sotelo Blanco en 1990 (*Proceso en Jacobusland: Fantasía xudicial en Ningures*, na colección A Biblioteca do Arlequín, nº 12); *Fas e nefas e tres contos escénicos* apareceron despois (en Vigo, Galaxia, 1993 [Árbore, 53]) e tamén *Un refaixo pra Celestina*, con adaptación e dramaturxia de Antonio F. Simón (Santiago, Xunta de Galicia, IGAEM, Centro Dramático Galego, 1993). Outras pezas que deixou inéditas en castelán publicounas Luís Pérez en versión galega (*Catro pezas inéditas do teatro de Eduardo Blanco-Amor*, Sada, Edicións do Castro, 1993).

Como narrador comezou a súa andaina co relato “Os Nonnatos”, publicado no nº 58 de *Céltiga* (25 maio de 1927), ó que seguiron en 1933 (nº 118 de *Nós*) os tres primeiros capítulos de *A escadeira de Xacob*, obra que

5. Apareceron en versión bilingüe en *Farsas para títeres*, Sada, Edicións do Castro, 1973 (2ª ed., 1991).

comezou a escribir en 1926 e que deixou abandonada (publicou os materiais existentes Anxo Tarrío en *A escadeira de Jacob*, Vigo, Galaxia, 1993). Ademais, desde 1933 a 1953 escribe 15 narracións en castelán, que chamou *Cuentos de la ciudad* e que publicou Luís Pérez (*Quince "Cuentos de la ciudad" e un conto no ceo: "Os nonnatos"*, Sada, Edicións do Castro, 1993).

Despois Blanco Amor escribiu unha serie de obras cun denominador común: a visión de Ourense a través dos recordos da infancia, con elementos autobiográficos e experiencias vividas, situando os acontecementos nos finais do século XIX e inicios do XX. Así, aparece primeiramente *La catedral y el niño* (Buenos Aires, Santiago Rueda, Editor, 1948; 2ª ed., Editorial Losada, 1956; Madrid, Ediciones del Centro, 1976; cf. Vigo, Galaxia, 1997). Despois ven *A esmorga*, feita en 1956 e publicada en Buenos Aires (Ed. Citania, 1959), porque a censura española non permitiu que se publicase en España naquel momento (farao Galaxia en 1970, tamén co texto algo censurado na parte final, con novas edicións a partir de 1983). Desta obra fíxose unha versión castelán (*La parranda*, Buenos Aires, Compañía General Fabril Editores, 1960; Madrid, Ediciones Júcar, 1973, 2ª ed. 1985; Círculo de Lectores, 1975), sendo levada ó cine baixo a dirección de Gonzalo Suárez (1977). *A esmorga* posiblemente é a obra máis lograda de Blanco Amor e representa, como el di, unha loita na soidade, pois Borges, Sábato e outros dicíanlle que estaba tolo, que estaba esgotando as súas forzas e a súa intelixencia e perdendo os mellores anos naquela cousa esmorecente, nunha lingua que, segundo eles, agoniaba. Pero Blanco Amor, máis intelixente ca estes agoireiros, nos lles fixo caso.

Despois cambiou de técnica e publicou as sete narracións contidas na primeira edición de *Os Biosbardos. Contos prá xente* (Vigo, Galaxia, 1962; 2ª ed. en 1970 e outras moitas posteriormente)⁶, obra traducida ó castelán co título *Las musarañas* (Barcelona, Edit. Euros, 1975). A estas narracións seguiron dúas novelas, unha en castelán e outra en galego: en castelán *Los miedos* (Barcelona, Ediciones Destino, 1963) e en galego *Xente ao lonxe* (Vigo, Galaxia, 1972, 2ª ed., 1976, etc., coa tradución ó castelán en *Aquella gente*, Barcelona, Seix-Barral, 1976), a máis longa de todas e que ata ten sido catalogada arbitrariamente coma a mellor novela da literatura galega.

A toda esta obra debemos engadir ensaios sobre diversos temas e unha enorme cantidade de artigos e crónicas publicados en xornais e revistas,

6. Cf. "Os biosbardos", *Grial* IV, nº 11, 1966, 56-59, e "A arrasadeira", publicado en A. R. Castella e outros, *Contos*, Vigo, Galaxia, 1965, pp. 25-32.

que fixeron del unha figura importante dentro do mundo do xornalismo. Entre os ensaios publicados temos *La nueva emoción gallega*, Buenos Aires, 1928; *Estado actual de la cultura gallega*, Buenos Aires, s. a. [1928]; *Cateo y denuncia de un posible arte gallego*, Montevideo, Publicaciones del Centro Gallego, 1930; *El Padre Feijóo, tema con variaciones*, Vigo, edición do autor, 1966; *Castelao, notas periodísticas*, Ourense, edición do autor, 1970; *Volviendo a Ortega y Gasset*, Ourense, edición do autor, 1970; *Castelao escritor*, Sada, Edición do Castro, 1986. En 1956 apareceu o libro *Las buenas maneras* (Buenos Aires, Ed. Losada, 1956; Vigo, Xerais, 1983), que subtitula *Tratado de urbanidad para mayores*.

O seu labor periodístico, fundamentalmente en castelán, foi enorme e algúns dos artigos foron recollidos en volumes, como en *Chile a la vista* (Santiago de Chile, Editorial del Pacífico, 1951; 2ª ed. 1952; 3ª corrixida 1957), no que se recollen as crónicas sobre Chile; en *A contrapelo* (A Coruña, La Voz de Galicia, 1993), no que se recollen os artigos en castelán publicados en *La Voz de Galicia* entre 1972-1979; ou en *La peligrosa aventura de vivir en un pueblo. Escritos de Blanco Amor (1967-1971)* (Ourense, La Región, Diput. Prov., 1990), cos artigos publicados na prensa de Ourense entre 1967 e 1971.

Tamén fixo antoloxías de Rosalía de Castro (*Poemas gallegos*, Buenos Aires, s. a. [1939]), de Lamas Carvajal e do P. Feijoo (*Antología popular*, Buenos Aires, Ediciones Galicia, 1966; *Obra selecta*, Santiago, Sálvora, 1984), edicións de *En las orillas del Sar* (Buenos Aires, Col. Dorna, 1941) e *El caballero de las botas azules* (Buenos Aires, Emecé Editores, 1942), así como tres guións cinematográficos e dous libretos de ópera inéditos (*La parranda e outros guións inéditos*, Santiago, Centro Galego de Artes da Imaxe, Xunta de Galicia, 1994).

Blanco Amor sempre tivo a preocupación pola lingua. Na "Xustificación" ó *Cancioneiro* (1956) emula a Curros e di que o seu alongado abandono do galego, esixido polo seu oficio noutra lingua e pola súa formación ambiental, fai que se note nos poemas, pois fronte ó idioma evolucionado, de axeitada e obediente plasticidade e cómodo manexo dos novos poetas galegos, o ruralismo e o "arriquitamento" da súa pobre expresión resultan evidentes (p. 8). Para el a lingua é un descubrimento e ten moito de koiné persoal, coma resultado dunha longa loita por conseguir a lingua que necesitaba e non chuchara de neno. A súa aventura coma escritor foi chegar desde fóra do idioma, polo que tivo que crear a súa propia lingua literaria recollendo da fala de todos, dos distintos dialectos que falaban os galegos de Buenos Aires. Con iso fixo unha koiné xeral, dándolle

un xeito literario e estético⁷. Para *A esmorga* tivo que inventar unha lingua, conseguir un idioma axeitado ós seus propósitos, con moito traballo, voltando ás veces ás páxinas que levaba escritas e léndoas en voz alta para ve-la súa musicalidade, o ritmo do idioma que medraba e non lle gustaba. Hai partes con cinco ou seis redaccións ata que atopaba o que buscaba. Para el unha cousa é a lingua popular e outra a literaria e os escritores teñen que ir construíndo a lingua, pero sen perderen de vista a fala viva do pobo. A súa preocupación segue no "Prólogo útil" de *Xente ao lonxe*, no que escribe sobre a narrativa galega e expón as súas ideas sobre o idioma, baseado na fala popular, en contra do galego un pouco para señoritos da súa época. Esta preocupación enténdese nun escritor que estivo en pouco contacto coa lingua na súa infancia e que emigrou de mozo a unha grande urbe onde se escribía un galego totalmente artificial e deformado, pero os resultados da súa loita por dignifica-lo idioma e crear unha lingua literaria foron máis ben negativos⁸.

Cando despois de tantos anos me decidín a face-lo discurso de entrada na Academia, estiven pensando se debería escribir un traballo sobre algúns dos temas que tratei ó longo da miña traxectoria científica ou meterme en algo máis privado e íntimo, aínda que adubándoo con incursións no terreo da erudición. Decanteime pola segunda posibilidade e por iso vou falar da miña relación coa lingua, mais aproveitando a ocasión para facer un pouco de historia e incidir en dous aspectos importantes: o da cuestión ortográfica e o papel da Igrexa no desenvolvemento das linguas.

Eu tiven a vantaxe de nacer nunha época en que a miña familia non tiña por norma falarlles castelán ós meniños. Por iso me criei na mesma lingua que hoxe defendo coma propia de Galicia. Alá no Val da Amaía, na miña aldea de Eirapedriña, na aldea do *jancho* (chamada así polas moitas

7. Cf. Víctor F. Freixanes, *Unha ducia de galegos*, Vigo, Galaxia, 1976, p. 92.

8. Cf. sobre o autor *Homenaxe a Blanco-Amor*, Axuntamento de Redondela, 1981; Francisco Fernández del Riego, *Blanco Amor. Emigrante e autodidacta. A súa vida literaria*, Vigo, Ir Indo, 1992; Luís Pérez Rodríguez e outros, *Eduardo Blanco Amor. Sempre en Auria*, Vigo, Xerais, 1993; Luís Pérez, *Blanco-Amor e os seus escritos periódicos*, Vigo, Galaxia, 1993; Gonzalo Allegue Otero-Víctor F. Freixanes e outros, *Eduardo Blanco Amor, 1897-1979, Unha fotobiografía*, Vigo, Xerais, 1993; Gonzalo Allegue, *Eduardo Blanco Amor, diante dun xuíz ausente*, Vigo, Nigra, 1993; Xavier Carro, *A obra literaria de Eduardo Blanco-Amor*, Vigo, Galaxia, 1993; *Eduardo Blanco-Amor en América. Unha mostra da súa oratoria [Transcripcións]*, Homenaxe do Consello da Cultura Galega, 1993 (con 1 casete); Anxo Tarrío Varela, *Primeiras experiencias narrativas de Eduardo Blanco-Amor*, Vigo, Galaxia, 1993; Victoria A. Ruiz de Ojeda (ed.), *Entrevistas con E. Blanco-Amor*, Vigo, Editorial Nigra, 1994; Dolores Vilavedra (coord.), *Diccionario da Literatura Galega, I. Autores*, Vigo, Galaxia, 1995, 79-82. Cf. tamén *Obra en galego completa. I. Narrativa; II. Poesía. Teatro*, Vigo, Galaxia, 1992.

persoas que se dedicaban a coller piñas para despois vendelas en Santiago cando aínda se usaban as chamadas cocíñas económicas), non había problemas lingüísticos e todos falaban galego, mesmo o señor Nadal, o catalán; todos menos a familia dos Freire, que estiveran en Cuba e quedaron con posesións na illa ata que Fidel lles quitou, porque estes usaban o castelán. Tamén é certo que na miña casa, coma na maior parte das casas galegas campesiñas, non se tiña conciencia de que a nosa lingua era importante e de que debíamos falala con orgullo. Falábase sen máis, porque era a lingua que nos foran transmitindo os nosos devanceiros, de xeración en xeración, e non coma un acto expreso de manifestación nacionalista.

Naturalmente, ó chegarmos á escola, tiñamos que pasar ó idioma de Castela e mesmo era obrigatorio face-lo sinal de saúdo falanxista cando saíamos da clase e lle dicíamos ó mestre “a usted siga bien”, sen sabe-lo que significaba aquel sinal, pero fóra das clases a lingua de comunicación entre os rapaces era o galego, porque o galego era a lingua de todos, agás a do mestre, non faltaba máis, ou a do seu fillo, que ás veces o substituía e a quen eu odiaba porque me resultaba impertinente.

Así fun medrando coma falante galego, pero en contacto co castelán nas escolas polas que pasei e no Instituto. A verdade é que non teño unha lembranza moi nítida daqueles anos e non sei se algunha vez tiveron problemas coa interferencia lingüística, cando, despois de estar nas escolas da aldea, pasei primeiramente á Escola dos Irmáns das Doutrinas Cristiás de Santiago e máis tarde ó Instituto Arcebispo Xelmírez. É de supor que o meu castelán estivese máis contaminado có usado polos fillos dos señoritos da cidade e de que usase termos ou construcións impropias, pero non teño conciencia de que se teñan rido de min como lle pasou a outras persoas da familia, entre elas á miña propia nai cando quería comprar *laranxas* e algún dependente analfabeto lle corruxía a pronuncia cunha risa de burla. Repasando na memoria só me lembro dunha palabra que eu utilizaba impropriamente na Escola dos Irmáns. Alí era preceptivo confesar tódolos sábados se un quería estar a ben co Irmán que lle daba clase, sendo como era o seu alumno preferido, e eu tiveron que facelo. Entre os grandes pecados que eu imaxinaba cometer estaba o de non obedecer como debía ós pais ou ós tíos con quen vivía, pero na confesión eu nunca utilizaba a palabra *obedecer*, a que me saía era *guiarme*, que resultaba se-la que escoitaba sempre na miña casa.

Non son consciente, polo tanto, de ter padecido discriminación por razón do uso dun castelán agalegado, todo o contrario, o caso que mellor lembro de discriminación ocorre dentro do propio galego. Cando eu

marchei de Eirapedriña para a casa dos meus tíos en Roxos, onde pasei os últimos anos da nenez, a adolescencia e unha parte importante da miña xuventude, puiden nota-las burlas de que son obxecto os considerados inferiores. Roxos era outra cousa, a 7 quilómetros de distancia de Eirapedriña, pero máis preto de Santiago, polo tanto, supostamente con máis categoría cultural. Os de Roxos considerábanse de máis altura, pertencían a Santiago, había xente desta cidade que tiña alí unha casa para ir pasa-los veráns, había veciños que se expresaban en castelán e inclusive tiñamos un veciño ó que lle chamabámo-lo Señorito por utilizar sempre esta lingua e non traballar na terra.

Os de Roxos considerábanse máis finos falando galego e eu noteino. Por exemplo, cando eu cheguei de Eirapedriña e quixen comer *sireixas*, os outros nenos botaron a rir porque se tiñan por superiores dicindo *sereixas*, para eles a forma correcta e que tamén pasou a se-la miña desde entón. É da única forma que me lembro, pero seguro que houbo outras.

Tamén se notaban as risas cando alguén por algunha razón se pasaba ó castelán e cometía erros. Un día na taberna do meu tío entrou unha parella de Santiago que falaba castelán. Varios siareiros estaban xogando unha partida e un deles, para darse importancia ante os descoñecidos, comezou a chapurrea-lo castelán e soltou un “dame la boteja”, que causou a gargallada inmediata de tódolos compañeiros de xogo e de min mesmo.

Outra cousa que podía ocorrer era a chamada de atención dentro da propia familia. Lembro unha vez que meu pai se puxo a falar cunha daquelas señoras que pasaban o verán en Roxos falando castelán. El, en lugar de utiliza-lo verbo *parecerse*, repetiu varias veces que a señora se *amitaba* moito a outro familiar e isto provocou que unha miña tía solteira, aínda sendo de cultura inferior á do meu pai, o recriminase por ter utilizado esa palabra.

Durante o bacharelato falaba galego na casa e con algúns compañeiros, pero coa maior parte deles a lingua de comunicación era o castelán, que era tamén a lingua obrigada con tódolos profesores. Ademais, nos primeiros tempos a penas coñecía a literatura castelá nin, por suposto, a galega. Eu non tiven a posibilidade de que me lesen libros cando era pequeniño nin de que mos comprasen cando sabía ler. Tiven que irme metendo na lectura pola miña conta e sen o apoio dos familiares. Para eles, coma para outros moitos, ler libros de literatura era unha perda de tempo e eu non dispuña de libros na casa nin tampouco tiña cartos para compralos. Cos libros de texto abundaba. Por iso devoraba unha e outra vez as antoloxías que aparecían nos manuais de lingua e literatura e axiña comecei a coller

libros na Biblioteca de Buenas Lecturas ou emprestados por amigos e compañeiros, xunto a outros que alugaba na librería de Eduardo, ó que chamabamos O Xudeu, aquel libreiro anticuario que tiña os seus libros, moitos deles dos prohibidos polo réxime de Franco, na entrada dunha das casas da Rúa do Vilar. Xa nos últimos anos do bacharelato puideren alugar alí toda clase de obras, incluíndo as últimas novidades do mercado literario español.

O galego era a lingua da casa, pero a lingua de cultura era o castelán. Por iso os primeiros textos que puideren ler en galego foron os diferentes calendarios que ano tras ano sacaba *O Gaiteiro de Lugo* e un libro de Curros, moi deteriorado, que non sei por qué razón estaba na casa dos meus tíos. Era a primeira vez que tiña un libro galego na man. E lin con gusto *Aires da miña terra* e *O Divino Sainete*, aínda que con certas dificultades. Aquela edición con apóstrofos, deformacións e conexión de palabras tan usuais nos textos do século XIX resultábame estraña por falta de práctica no dominio escrito da propia lingua.

Teño que recoñecer que durante todo o bacharelato nunca tiveren conciencia galeguista e fun alleo á recuperación cultural do idioma, cunha actitude totalmente pasiva. Lembro só coma curiosidade que unha vez don Manuel Fernández, o profesor de Historia, nos recibiu na súa casa a varios alumnos por razón da materia que explicaba e aproveitou para lernos algúns poemas de Rosalía na edición que fixera García Martí para a Editorial Aguilar. Tamén lembro que a profesora de Lingua e Literatura Españolas nun dos últimos cursos nos fixera durante uns días un resumo da literatura galega, sobre todo do século XIX, pero dunha maneira aséptica e nada comprometida. A literatura galega resultaba para min distante e nada familiar. Oíra falar na radio de Otero Pedraio e lera no periódico a súa chegada á cátedra de Xeografía, pero non tiña ningunha información sobre tan destacada personalidade, entre outras cousas porque na nosa casa se lía *El Correo Gallego* e non se tiña coñecemento do periódico vespertino *La Noche*.

Coma a min debía pasarlle á maior parte dos compañeiros. Moitos eramos galegofalantes, pero estabamos inmersos na cultura foránea. Nestes anos escuros para min eu botei en falta a un profesor que me encamiñase cara ó galego e despertase en min a conciencia nacionalista, cousa que tal vez era imposible que ocorrese naquel Instituto de Compostela entre os anos 48 e 55, época do meu bacharelato. Non se podía pedir iso, por exemplo, dunha profesora de literatura madrileña, mística e visionaria, que ignoraba a literatura contemporánea dos escritores que non eran apostólicos romanos e que á miña vista devolveu nunha ocasión á Librería Galí

unha edición de *La Celestina*, porque unha obra tan pecaminosa non merecía estar na pequena Biblioteca do Instituto.

Nos últimos anos do bacharelato fun descubrindo o gusto pola literatura e mesmo por escribir. Por iso me decidín polos estudos de Filosofía e Letras, sen pensar que, despois dos dous cursos comúns, me tería que trasladar a Madrid para face-los tres anos da especialidade de Filoloxía Románica.

A chegada á Universidade de Santiago foi primordial para a miña formación e para o desenvolvemento futuro da miña personalidade. Nos primeiros días andei un pouco perdido pola Facultade e mesmo pensaba que me equivocara de carreira. Pero todo mudou rapidamente. Aínda que non sabería dicir cómo, porque non me lembro con certeza, o feito foi que de contado batín con Xosé Luís Méndez Ferrín, compañeiro de estudos, e con outros rapaces novos con inquedanzas literarias. Alí estaban Xosé Luís Franco Grande, Xosé Manuel Beiras, Gonzalo R. Mourullo, Xosé Manuel López Nogueira e outros e axiña chegou Xesús Alonso Montero coma catedrático da Escola Normal. Con eles collín amizade de seguida e de súpeto atopeime coa lingua, unha lingua que era a miña a nivel oral, pero que desde aquel momento tamén o foi a nivel escrito. Xunto con estes compañeiros entrei en contacto con outras persoas de máis idade que, máis ou menos, estaban introducidas no galeguismo, entre elas Bouza-Brei, Maside, Río Barxa, Manolo Beiras, Fraguas e, sobre todo, Ramón Piñeiro e García-Sabell. A chegada á Universidade tamén me puxo en contacto con Otero Pedraio. Axiña comezaron as clases de Xeografía naquela aula da actual Facultade de Xeografía e Historia onde penduraba nunha parede lateral, entrando á dereita, un mapa enorme de Galicia e un inmenso cadro cuns versos tomados de *Vento mareiro* de Ramón Cabanillas:

*¡Galicia! ¡Nai e Señora,
sempre garimosa e forte;
preto e lonxe; onte, agora,
mañán ... na vida e na morte!*

*¡Galicia! ¡A Galicia santa
de romeiros e xuglares!
¡A da historia que abrillanta
a Tradición nos fogares!*

Alí repetía eu a reo estes versos mentres escoitaba as clases fantásticas de Otero Pedraio, verdadeiras leccións maxistras de magnitude literaria.

De xeografía non aprendiamos moito, pero eu aprendín amor á terra e conseguín a súa amizade. Con el os rapaces novos pasabamos horas inesquecibles no Café Español da Rúa do Vilar escoitando con fervor as súas palabras. Con el, con Piñeiro, con Ferrín e con outros convertínme ó galeguismo para non o abandonar ata o presente, pois o amor ó galego e a defensa da lingua acompañáronme na miña estadía en Madrid ou en Alemaña e despois na volta á casa. A verdade é que os anos de estudio en Madrid foron moi intensos e o grupo que formamos co nome de Brais Pinto deixou recordos inesquecibles. No vello Centro Galego, preto do Palacio de Oriente, ou no novo edificio preto de Porta do Sol fixemos literatura e galeguismo Ferrín, Bernardino Graña, César Arias, Fernández Ferreiro, Herminio Barreiro, Bautista Álvarez e os chorados Reimundo Patiño e Xosé Alexandre Cribeiro, moi ben arroupados polo bo e xeneroso Ben-Cho-Shey e pasando por enriba ás veces do Presidente-Xeneral do Centro.

O meu ideal nos primeiros tempos era a literatura e a ela me dediquei nun principio, escribindo poemas e narracións e participando nas Festas Minervais de Santiago e nun certame de prosa de Buenos Aires. Aínda lembro aquelas festas da poesía no Hostal, todos vestidos de etiqueta, cun *smoking* que tiñamos que alugar ou pedir emprestado, pois os cartos non daban para compralo. Lembro unha desas festas cando xa estabamos en Madrid Ferrín, Bernardino e mais eu, como os tres mandamos poemas para as Festas convencidos de que nos darían un premio e como chegou o día do fallo e non recibiamos ningunha noticia. Estabamos na miña pensión os tres, Bernardino cun bocata para o camiño, esperando unha chamada de teléfono que non chegaba. Atrevémonos a telefonar a Otero Pedraio e non estaba no hotel. Por fin a iso das nove da noite chegou un telegrama enviado por Franco Grande, moi escueto: Lorenzo o terceiro, os outros nada. Collín o bocadillo de Bernardino, marchei para estación e aínda dei pillado o tren Correo. Despois, toda a noite nun asento de madeira, parando en tódalas estacións ata chegar a Redondela, ó outro día pola tarde, logo o Castromil para Santiago, cun traxe cheo de carbón, todo sucio, sen afeitar, e a chegada así ó Hostal ás sete e algo da tarde cando todos estaban preparados: a raíña e as donas de honra vestidas de branco coma para casar, os poetas premiados co seu *smoking*, o público coas súas mellores galas. Sen tempo para “enfeitarme”, así como viña, lin os poemas premiados, desentoando co resto dos participantes, pero recibín a vinganza apropiada, porque os fotógrafos puxéronme a unha beira e deixáronme fóra das fotografías. ¿E como non lembrar aquel certame de Buenos Aires de 1956? Eu mandei un libro de narracións e déronme o

Premio Castelao, quedando para Méndez Ferrín, ironías do destino, o Premio Cao Turnes. Para min máis importante có premio literario en si foron os 5.000 pesos arxentinos de entón, que me resolveron un problema fundamental, pois desta maneira puider achanda-la vontade da miña familia para que me deixasen marchar a Madrid, e con aqueles cartos e media bolsa concedida polo Ministerio puider vivir todo o ano na capital sen problemas económicos.

Máis tarde fun variando da literatura para a filoloxía, porque me vin con aptitudes para o estudio da lingua e considerei que tiña que botar unha man nun momento en que non había estudos de Filoloxía en Santiago e no que escaseaban os traballos científicos sobre o galego.

Ó chegar ó galeguismo, entrei na defensa do galego con tódolos pulos propios da xuventude, como lle ocorre normalmente a tódolos rapaces novos que se meten nunha causa, seguramente por aquilo que dicía Séneca de que "temeritas est videlicet florentis aetatis, prudentia senescentis" (*De senectute*, VI, 20). Por iso naqueles anos mozos, dentro das dificultades que nos ocasionaba o réxime franquista, tratábase de potencia-la lingua na medida das nosas forzas. Ademais, tiñamos unha cousa en común moi importante: todos eramos amigos. Tamén é certo que eramos poucos, pero todos estabamos unidos. Tanto estando nós en Santiago coma Novoneira no Caurel, Manuel María en Monforte, Fole en Lugo ou Xoana Torres en Ferrol, por poñer uns casos, a todos nos unía o amor á lingua e o desexo de potencia-la fronte á bárbara opresión centralista.

As disensións viñeron despois, precisamente nun momento en que a unión era necesaria e imprescindible, nun momento en que se comezaban a traza-las directrices do idioma, en que se trataba de buscar unha normativa lingüística apropiada para o ensino, algo fundamental e imprescindible para o desenvolvemento posterior da lingua. Daquela o que era unión converteuse en desunión, en desaforamentos absurdos, en pelexas inconcibibles.

Eu sempre tiven as ideas claras e non me deixei arrastrar por propostas absurdas. Cando no ano 1959 Guerra da Cal comezou coa súa teima de muda-la ortografía galega en *Lúa de alén-mar* (Vigo, Galaxia, 1959), eu expresei certas reservas en *La Noche* (12-2-1960), pero sobre todo opúxenme claramente no artigo "Cousas de lingua", que saíu en 1962 na revista *Vieiros* de México (nº 2, outono 1962, pp. 54-55).

Eu sempre defendín o galego coma lingua independente e non coma comparsa de ningunha outra, por moi semellante que sexa á nosa. Se me interesa o galego é coma lingua propia, coma lingua que non necesita da tutela de ningunha outra lingua irmá. Por iso concordei de contado coa normati-

va lingüística que trataba de achega-la escrita o máis posible á lingua falada, porque esa lingua falada, tirados tódolos castellanismos que se lle foron pegando, é a que nos fai ser independentes. ¿Para que escribir, por exemplo, *ao* se todo o mundo di *ó*? Sendo consecuentes, os que escriben *ao* tamén deberían escribir *aa* e pronunciar *á*, pois a proporción é a mesma e non hai ningunha diferenza. Se xa na propia época medieval atopamos ás veces escrito *o* ¿por que andar ás voltas cun artificial e inaudito *ao*?

En relación ós acentos eu podería estar de acordo coa acentuación á portuguesa e tamén podería admitir os guións á portuguesa se iso trouxese algunha vantaxe á lingua, pero no noso caso só trae inconvenientes. Se en Galicia tivesemos coma unha única lingua o galego, como debería ser, entón non habería ningún problema en pór unha acentuación á portuguesa, mais a nosa lingua no ensino segue sendo lingua B. De aí que, por unha cuestión de pedagogía, a acentuación á portuguesa resulte perxudicial. Poñamos por caso: os meniños van á escola e ás nove da mañá teñen lingua castelá. O mestre dilles que *día* se escribe con acento gráfico e que *diario* se escribe sen el. Despois ás dez pasan á clase de galego e o mestre dilles todo o contrario, que *diario* leva acento e *día* non. Pedagogicamente non é válido nin rendible e unha acentuación á portuguesa só trae dificultades para a aprendizaxe da ortografía, sen aportarnos ningún beneficio. Por iso se rexeitou esta posibilidade, por cuestións fundamentalmente pedagóxicas. O que esquecen os defensores desta opción é que a lingua nos momentos actuais non é só para que a usen os escritores, ante todo está para que a aprendan os rapaces na escola, xa que por primeira vez na historia tivémo-la posibilidade de que o puidesen facer. Nós témo-la obriga de facilitarlle-la aprendizaxe e non porlles complicacións con florituras gráficas que só conducen ó caos.

Tamén se poderían admitir os guións á portuguesa, pero con menos argumentos. Esquecen os defensores desta tendencia que o portugués, nun principio e só moi modernamente, introduciu o guión para diferenciar entre as formas verbais de antepretérito (*vía*) e as formas do pretérito seguidas do pronome enclítico (*vi-a*, equivalente ó galego *vina*). Despois os gramáticos, por cuestión pedagóxica, repito, por pedagogía, decidiron que era mellor colocar un guión sempre que o pronome se unía ó verbo encliticamente. Desta maneira a aprendizaxe facíase máis levadeira porque se convertía nunha norma xeral. Pero en galego non é o caso. Nós distinguimos perfectamente entre *eu vía* e *eu vina*, ¿para que andar entón pondo guións, se iso só representa un artificio? Para a nosa lingua a colocación dun guión significa algo innecesario e arbitrario que leva á complicación e

a que os rapaces (e os maiores) erren moitas veces e non saiban con certeza onde o teñen que colocar.

Argumentaráseme que tamén na normativa oficial se pon o guión opcionalmente en casos coma *cánta-la canción*, *face-lo caldo*, etc., e poden ter razón os que critican esta decisión. A verdade é que deu lugar a bastantes discusións cando nos decidimos a usa-la segunda forma do artigo, que en realidade se debería chamar primeira forma, pois *lo*, *la* son anteriores a *o*, *a*. Lembro que houbo varias proposicións e triunfou a do guión, que por certo foi idea dun latinista, o profesor Díaz. A nós pareceunos ben, pero tamén recoñezo que non tería ningún inconveniente en desterralo e en escribir todo xunto, como se fai cando témo-lo pronome (*facelo*) ou noutras combinacións (*tódolos* ou *tralo*).

Malia a dificultade pedagóxica, non habería ningún problema en pór guións e acentuación á portuguesa porque iso non distorsionaría as características lingüísticas do idioma e só ten que ver coas características gráficas. Agora ben, o que non se pode admitir é todo o que levan implícitas esas normas chamadas dos mínimos, posto que afectan á lingua e o único que fan é negarlle independencia. O que propoñen estes defensores dos supostos mínimos altera a fonética, a morfoloxía e o léxico e sempre vai en contra do que é específico ou característico do galego.

Se xa no século XIII de dicía en galego *propio* ou *rostro* ¿por que imos dicir nós agora *proprio* e *rosto*? Se desde o século XIII temos como característica galega a formación dos derivados verbais da segunda conxugación en *-emento* (*vencemento*, *nacemento*, etc.), ¿por que imos nós dicir agora *vencimento* ou *nascimento*? Se nós xa no século XIII dicíamos *escribir*, *oír* e *loar* ¿por que imos dicir agora *escrever*, *ouvir* e *louvar*? Se desde sempre se dixo *mais* no galego, e nunca *mas*, ¿por que adoptar esta forma portuguesa?

Item máis. Na época medieval existía o verbo *nacer*, con formas coma *nacemos*, *nacía*, etc., pero a primeira persoa do presente de indicativo era *nasco* e en todo o presente de subxuntivo tiñamos tamén *-sk-* (*nasca*, *nascas*, *nascamos*, etc.), porque só se chegaba a */ts/* cando o grupo *-sk-* latino ía seguido de *e* ou de *i*. O mesmo pasaba con *meresco*, *padesco*, *gradesco*, etc., fronte a *mereces*, *padeces*, *gradece*, etc. O feito de que houbese alternancia de formas por evolución fonética podía dar lugar a que nalgunha ocasión aparecese analoxicamente un *s* no infinitivo (*nacer*) ou noutras formas, aínda que o resultado triunfante foi a creación dunha forma analóxica para a primeira persoa do presente e para todo o presente de subxuntivo: *nazo*, *naza*, *padezo*, *padeza*, *merezo*, *mereza*, etc. No portugués, a

partir do século XVI, os gramáticos decidiron impo-la grafía con *sc* no caso de *nacer*, por máis que aínda nos dicionarios do XIX (coma o de Domingos Vieira⁹ e outros) aínda se recollen coma formas secundarias *nacer*, *nacença*, *nacente* e na décima edición que fixeron do dicionario de Morais¹⁰ indícase que *nacer* é forma antiga e popular. En portugués resultaba indiferente escribir *nacer* ou *nascer*, pois no século XVI e seguintes no centro-sur de Portugal tiñamos un son dorso-dento-alveolar fricativo xordo [s] para *s* e para *c*, é dicir, cunha grafía ou outra teríamo-la pronuncia [naser]. O que pasa é que actualmente en grande parte de Portugal o *s* implosivo pronúnciase [ʃ] e esta circunstancia levou a unha pronuncia disparatada e inaudita [naʃser], totalmente allea á lingua medieval. En galego dicimos *nacer*, *merecer* e *padecer*, etc. (con *seseo* no occidente do territorio), e se isto é así ¿para que imos escribir *nascer* e pronunciar dunha maneira artificial e absurda *nascer*, cun *s* inexistente?

Así podíamos seguir. Con esta manía dos mínimos para achega-lo galego ó portugués o que se fai é negar todo o que é específico noso para implanta-lo alleo, e isto non me parece lóxico.

Se penso isto dos mínimos, xa poderán supo-la valoración que fago dese trampitán que nos queren impor como galego-portugués. ¡Que aberración! Nós non falamos galego-portugués, nós falamos galego desde sempre. Esquecen estes defensores do imaxinario que a lingua naceu na *Gallaecia*, na zona que comprende a actual Galicia e o Norte de Portugal ata a Douro, e que polo tanto o galego é a lingua que se fala hoxe en Galicia e tamén en Portugal e no Brasil ou en Angola. A separación política no século XI fixo que a Galicia do Sur se fixese independente e que os galegos do Sur pasasen a chamarse portugueses. Debido a isto, andando o tempo os portugueses pasaron a chamarlle á súa lingua portugués, desligándoa cada vez máis do galego. Quere isto dicir que nós en Galicia sempre falamos galego e que os heterodoxos neste caso foron os portugueses, que, porque lles deu a gana e por ser un país independente, decidiron chamarlle á súa lingua co nome do novo país. ¿A que vén logo agora inventar unha lingua e denominala galego-portugués? Esta xente esquece que as linguas non recúan, que van

9. *Grande Dicionario Portuguez ou Thesouro da Língua Portuguesa*, vol. I, Porto, Editores Ernesto Chardron e Bartholomeu H. de Moraes / Rio de Janeiro, A. A. da Cruz Coutinho / Pará, Antonio Rodrigues Quelhas, 1871; vols. II-IV, Porto, Editores Ernesto Chardron e Bartholomeu H. de Moraes, 1873; vol. V, íd., 1874.

10. *Grande Dicionário da Língua Portuguesa*, 10ª edição revista, corrigida, muito aumentada e atualizada segundo as regras do acordo ortográfico luso-brasileiro de 10 de Agosto de 1945 por Augusto Moreno, Cardoso Júnior e José Pedro Machado, 12 vols., Lisboa, Editorial Confluência, 1949-1959.

sempre para adiante. É un axioma ben coñecido en lingüística que as linguas obedecen á lei do mínimo esforzo e que van rexeitando todo aquilo que resulta superfluo. Mesmo en linguas con grafía tan disparatada coma o inglés ou o francés¹¹ houbo unha enorme evolución e bastantes acomodacións gráficas. Compárese a *Chanson de Roland* e unha novela de François Sagan, poño por caso. ¿Cómo imos pensar que debemos retroceder á Idade Media e implantar un trampitán á portuguesa esquecendo a realidade lingüística e a evolución de sete séculos? Non esquezamos que xa na propia Idade Media coa perda da sonoridade nas sibilantes o sistema gráfico comeza a mudar e hai textos que xa non escriben nunca dobre *s* intervocálico ou que escriben con bastante arbitrariedade porque xa non se daba unha adecuación entre a realidade gráfica primitiva e o sistema fonolóxico. Nun documento de 1342 (hoxe no Arquivo Histórico Universitario de Santiago) feito no Sardiñeiro (Fisteria) témo-la grafía con *ç* en lugar de *z* nas palabras *ffaçer* 8, *juýço* 12 e *voçes* 2, 4, 10, 11; temos *s* ou *ss* en lugar de *z* en *vós* 'voz' 12, *vosses* (med. *vozes*) 10 e *Ffernâdes* 14; *ss* en lugar de *ç* en *Gyssa-monde* 3; *ç* en lugar de *s* en *pouços* 6 (por *pousos*); *ç* en lugar de *ss* en *p(r)ocýçón* 9 (en lugar da grafía esperada *possissón*); *x* en lugar de *j* en *doxe* 10; *s* en lugar de *ss* en *sseseenta* 7, *nosa* 11, *vosas* 11 e *uosa* 12; *ss* en lugar de *s* en *cassa* 4, 6, 9, 13, *pressentes* 2 e *pressente* 10, 16. É dicir, este texto indícanos que xa naquel tempo as africadas se converteran en fricativas e que se producira a desonorización das sonoras¹². Por iso o escriba non é capaz de mante-lo sistema gráfico primitivo, por non corresponder á realidade fonética e resultar arbitrario, e de aí que mesture tódalas grafías, posto que aínda non domina a representación gráfica do novo sistema. Isto é normal. Se unha distinción fonolóxica que esixía diferencias gráficas deixa de existir, a lingua reacciona por economía lingüística e elimina unha das grafías en beneficio da outra. Por exemplo, se os primitivos *passo*, con [s̺] (apicoalveolar fricativo xordo), e *rosa*, con [z̺] (apicoalveolar fricativo sonoro), pasan a pronunciarse da mesma maneira, con [s̺], a grafía unifícase en *s*, debido a que se fai innecesario manter unha distinción entre *ss* e *s* para algo inexistente. Tendo en conta isto, resulta absurdo e esperpéntico querer impor agora unha lingua imaxinaria e negarlle existencia á nosa.

11. Véxase como mostra o resumo de Christiane Beinke e Waltraud Rogge, "Französisch: Geschichte der Verschriftung", en G. Holtus, M. Metzeltin, Chr. Schmitt, *Lexikon der Romanistischen Linguistik*, vol. VI, 1, Tübingen, Niemeyer, 1990, pp. 471-493.

12. Cf. Ramón Lorenzo, "Algúns datos sobre a evolución das sibilantes medievais", en Cilene da Cunha Pereira e Paulo Roberto Dias Pereira (org. e coord.), *Miscelânea de estudos lingüísticos, filolóxicos e literários in memoriam Celso Cunha*, Rio de Janeiro, Ed. Nova Fronteira, 1995, pp. 231-237.

Estas posturas resultaron totalmente negativas para a aprendizaxe do galego nas escolas e nos institutos, debido á desidia das autoridades competentes, que non fixeron nada por couta-la anarquía, e serviron para confundir ós alumnos e para darlles azos ós detractores do galego, que os hai ás moreas.

Pero non se pense que a nosa lingua foi a única que tivo dificultades en cuestión de normativas. No portugués a cuestión ortográfica dura desde o século XVI ata os nosos días e aínda non está resolta. Vexamos en poucas palabras as diferentes tentativas¹³.

O século XVI, coa chegada da imprenta e os inicios dos estudos gramaticais, é fundamental para a fixación das linguas vulgares. Os primeiros gramáticos portugueses tentan facelo e móvense entre dúas tendencias: a de utilizar unha ortografía próxima á fonética, máis ou menos coma na época medieval, ou a de relatiniza-la lingua acercándoa ó latín e presentando unha ortografía máis etimolóxica (como propoñen os gramáticos franceses e Nebrija). Oliveira (1536) e Barros (1540) decídense pola primeira opción, Gândavo (1574) e Nunes de Leão (1576) pola segunda¹⁴. Por iso Oliveira¹⁵ escribe *ortografia* (no prólogo), *filosofo* (cap. 1º), *gramatica* (cap. 5º), etc., aínda que tamén poña *ethimologia* (no prólogo), *etymologia* (cap. 6º), *syllaba* (cap. 28), etc. Ademais, non pon acentos nin tampouco guións para separalo pronome do verbo: *manifico*, *prinçípios*, *carrego*, *titolo*, *portugues* (no prólogo), *capitulo*, *arabigos*, *filosofo* (cap. 1º)..., *vocabolos*, *syllaba* (cap. 28), *antremetendosse* (cap. 5º), *ficandolhe* (cap. 14º), etc.

Barros¹⁶ fai o mesmo e, ó falar das regras da ortografía, di que se deben escribi-las palabras como se pronuncian. Por exemplo, a palabra grega, a través do latín, *orthographia*, debe escribirse *ortografia*. Tampouco coloca guións (*coniugase* no f. 18), pero distingue entre o que el chama vocais “grandes e pequenas” (é dicir, abertas e pechadas) —cousa que tamén facía Oliveira— colocando signos diacríticos para representalas. Así, propón *á*, *ó*,

13. Cf. Otto Winkelmann, “Portugiesisch: Geschichte der Verschriftung”, en G. Holtus, M. Metzeltin, Chr. Schmitt, *Lexikon der Romanistischen Linguistik*, vol. VI, 2, Tübingen, Niemeyer, 1994, pp. 472-498.

14. Cf. Maria Leonor Carvalhão Buescu, *Gramáticos portugueses do século XVI*, Lisboa, Instituto de Cultura Portuguesa, 1978; id., *Historiografia da Língua Portuguesa*, Lisboa, Livraria Sá da Costa, 1984.

15. Fernão d'Oliveira, *Grammatica da lingoagem portuguesa*, Lixbõa, Germam Galharde, 1536; cf. Winkelmann, 1994, pp. 479-480.

16. João de Barros, *Grammatica da lingua Portuguesa*, Olyssipone, Apud Lodouicum Rotorigiũ Typographum, M. D. XL. Cf. João de Barros, *Gramática da Língua Portuguesa. Cartinha, Gramática, Diálogo em louvor da nossa linguagem e Diálogo da viciosa vergonha*. Reprodução facsimilada, leitura, introdução e anotações por Maria Leonor Carvalhão Buescu, Lisboa, Publicações da Faculdade de Letras da Universidade de Lisboa, 1971; João de Barros, *Gramática da Língua Portuguesa*, 3ª edição. Organizada por José Pedro Machado, Lisboa, 1957. Cf. Winkelmann, 1994, pp. 480-481.

è para a aberta e â, ô, è para a fechada, aínda que presenta ás veces incoherencias: *difinçám, diuisám, grāmáticos, obrár, chamámos, pessoál, racional, trázem, coniugaçám, especiál, quál e quâl, quáes, chamar e chámã, Repârtem e repártem, casos, partem, etc.; uóz, demóstra, como, nome, prónimo, módos, só, todos, tódolos, Nós, sómente, póde; uerbo, tempos, ueremos, temos, em, e e è, aquelle, tem, gênero, espècia, pèla, neutros, numero, etc.* (todo isto no f. 18, reproducido na edición de 1957, p. 23).

Mudan xa de norma Gândavo e Nunes de Leão. Gândavo¹⁷ presenta unha ortografía latinizante e di que se debe garda-la ortografía conforme á etimoloxía e pronuncia dos vocábulos (9). Por iso escribe *Orthographia, officina* e *illustrandoa* (4), *accentos* (5), *difficuldade* e *grammaticos* (6), *comette* (7), *ethymologia* (9), *syllabas* (15), *escripturas* (17), *parenthesis* (19), *nunqua* (21), *Christo* (29), *authoridade* (36), etc. Non pon guións (*imprimase* 3, *illustrandoa* 4, *vsandose* 23, etc.) e tampouco acentos gráficos (*Gandavo, lingua, dialogo, Antonio, genero* e *materias* 3, *animo* e *prologo* 4, *syllabas* 15, *parenthesis* 19, etc.), a non ser como signos diacríticos para diferenciar palabras ou formas verbais con pronuncia en distinta sílaba ou para evitar homonimias, como indica no capítulo “Dos accentos que fe hão de vfar em algũas letras, ou vocabulos que teuerem duuidofa a significação” (25-28): *pôr* (20), *à* ou *âs* (25), *alcançará* (27), *é* (33), etc.

Pouco despois Nunes de Leão¹⁸ segue coa idea da grafía etimolóxica e pon *triumpho* (4r), *alphabeto* (4v), *patriarcha* (5r), *officio* (5r), *accomodamos* (6r), *Athenas* (8r), etc., escribindo sempre á latina *bb, cc, dd, ff, gg, ll, mm, nn, pp, ff* (*maniffo*), *tt* (42r-48v), *ch, ph, rh, th* e *pt* (48v-50v). Ademais, distingue entre acento agudo, grave e circunflexo para indicar dife-

17. Pero de Magalhães de Gandavo, *Regras que ensinam a maneira de escrever e orthographia da lingua Portuguesa, com hum Dialogo que a diante se segue em defensam da mesma lingua*, Lisboa, Na officina de Antonio Gonsalvez, 1574 [edição fac-similada, Lisboa, Biblioteca Nacional, 1981]. Cf. Rolf Nagel, “Die Orthographieregeln des Pêro de Magalhães de Gândavo”, *Aufsätze zur Portugiesischen Kulturgeschichte*, IX, 1969 [1972], 110-135; Winkelmann, 1994, pp. 481-483.

18. Duarte Nunez do Lião, *Orthographia da lingoa portvgvesa. Obra vtil, & necessaria, assi pera bem screuer a lingoa Hespanhol, como a Latina, & quaesquer outras, que da Latina teem origem. Item hum tractado dos pontos das clausulas*, em Lisboa, Per João de Barreira impressor delRei N. S., M. D. LXXVI. En 1606 publicouse *Origem da lingoa portvgvesa. Per Dvarte Nvnez de Lião...*, Lisboa, Impresso por Pedro Crasbeeck. Anno MDCVI. Despois publicáronse as dúas obras xuntas co título *Origem, e Orthographia da Lingua Portuguesa...*, Lisboa, Typ. Rollandiana, 1784 (nova edición en Lisboa, Typ. do Panorama, 1864). Cf. *Origem da Língua Portuguesa*, quarta edición, conforme a primeira com estudo preliminar e anotacións de José Pedro Machado, Lisboa, Pro Domo, 1945; *Ortografia e origem da língua portuguesa*. Introdução, notas e leitura de Maria Leonor Carvalho Buescu, Lisboa, Imprensa Nacional-Casa da Moeda, 1983; Maria Leonor Carvalho Buescu, “A ‘Ortografia’ de Duarte Nunes de Leão”, *Revista da Faculdade de Letras*, I, 1976-1977, 253-259; Winkelmann, 1994, pp. 483-485.

rencias entre palabras que se escriben igual, como *amára, leéra, ouuíra, amarâ, leerâ, ouuirâ, cór, côr, fêz* (verbo), *féz* (por borra), *ía* (do verbo) e *já, e* (conxunción) e *ê* (verbo) (66r-67r). Tamén usa apóstrofos (67r-68r) para indica-la elisión da vocal en *de, me, te, se, que, ante, no, na, esse, este, aquelle e outro* cando segue unha palabra que empeza por vocal.

Canto á posposición do pronome fai algunhas precisións. Critica ós que escriben *digaffe, façaffe, passaffe*, porque alteran as sílabas na cantidade e mudan o acento, facendo de dúas diccións unha e causando confusión no significado. "Polo que afsi como dizemos aquilo fe ama, prepoêdo o, fe, afsi hemos de dizer separamamente, amafe, quãdo o post-poemos, & cõ hum.s. foamente, como faz fe, diz fe, nauega fe, pôde fe, paffe fe" (55r). Pero tamén escribe *dizfe* (32v), etc.

Nunes de Leão impón unha norma gráfica que seguen con bastante proximidade os gramáticos posteriores¹⁹. Así, no século XVII ségueno, con algunhas observacións e aclaracións, autores como Álvaro Ferreira de Vera²⁰, Bento Pereira²¹, João Franco Barreto²², João Nunes Freyre²³ ou António Franco²⁴ e no século XVIII autores como Rafael Bluteau²⁵, Jeró-

19. Cf. Rita Marquilhas, *Norma Gráfica Setecentista. Do Autógrafo ao Impresso*, Lisboa, Instituto Nacional de Investigação Científica, Centro de Linguística da Universidade de Lisboa, 1991; Winkelmann, 1994, pp. 485-489.

20. *Orthographia ou modo para escrever certo na lingua portugueza. Com um tractado de memoria artificial: outro da muita similhaça que tem a lingua portugueza com a latina...*, Lisboa, Off. de Mathias Rodrigues, 1631.

21. *Regras geraes breves, & comprehensivas da melhor orthographia, com que se podem evitar erros no escrever da lingua latina e portugueza, para se ajuntar á Prosodia*, Lisboa, Off. de Domingos Carneiro, 1666. Cf. Winkelmann, 1994, pp. 487-488.

22. *Orthographia da lingua portugueza...*, Lisboa, na Officina de Joam da Costa, 1671; *Orthographia da lingua Portugueza e Notas á de Duarte Nunes de Leão*, Lisboa, 1670. Cf. Winkelmann, 1994, pp. 486-487.

23. *Anotaçoens Ad rudimenta grammaticae nas regras mais geraes della, com huma instrucção brevissima para se começar a compor, e construir, vulgo Syntaxinha, acrescentada pelos casos com recopilacão, para melhor noticia dos principiantes com duas regras geraes de Orthographia*. Ordenadas pelo Padre Joam Nunes Freyre, natural da Cidade do Porto, e nella Mestre de Grammatica, e Cappellaõ Mõr da S. Casa da Misericordia della. Em Coimbra, Com as licenças necessarias. Na Impressão da Viuva de Manoel de Carvalho Impressora da Universidade, Anno 1676.

24. *Promptuario de Syntaxe dividido em duas partes; na primeira se cõtêm a Syntaxe pela mesma ordem da Arte; nos Escolios se poem a significacão do nome, ou verbo como o caso competente. Na segunda se tratam algumas noticias congruentes à mesma Syntaxe, que se pôdem ver na pagina seguinte*. Pelo P. Antonio Franco, Da Companhia de Jesu, Mestre, que foy da primeira classe de Rhetorica em a Universidade de Evora, Evora, Na Officina da Universidade, 1699 (tamén 1709, 1723, 1730, 1750).

25. *Espec. no Vocabulario Portuguez et Latino ... pelo Padre Raphael Bluteau...*, Coimbra, No Real Collegio das Artes da Companhia de Jesu, Anno Domini M.DCC.XII (8 vols. publicados entre 1712 e 1721, seguidos do *Supplemento ao Vocabulario Portuguez et Latino...* Parte Primeira, Lisboa, Officina de Joseph Antonio da Sylva, 1727; Parte Segunda, Lisboa, Patriarcal Officina de Musica, 1728). Cf. Winkelmann, 1994, pp. 489-490.

nimo Contador de Argote²⁶, Madureira Feijó²⁷, Luís Caetano de Lima²⁸ ou Fr. Luís do Monte Carmelo²⁹. A obra de Madureira Feijó é a de maior difusão e segue escribindo á latina *dithongos, accentos, abbreviaturas, Escholas* (no propio título), *chimerica, difficultade*, etc. Só pon acentos graves ou agudos para diferenciar palabras (*sabio, prologo, á, critica, dou-tissimo, genero, conseguirás, só, tiveraõ pero principiáraõ, levára, ouvira, lêra, amará, lerá, amáram, amarám, lêram, lerám, emprêgo, tempêro* (substantivo) fronte a *emprêgo* e *tempêro* (verbo), etc. e ten como novidade do século XVIII a colocación dun guión para separa-lo verbo do pronome.

Pola súa banda, Monte Carmelo utiliza tamén os acentos agudos e circunflexos, que son moitas veces necesarios nas sílabas A, E, O “para clareza do sentido; porque fazemos diverssissimos tenores naquellas *syllabas*” (p. 81). Dá unha lista inmensa de palabras nos §§ IX-XI (pp. 79-132) e escribe, por exemplo, *rezâmos* (pres.), *rezámos* (pret.); *acêrto, aderêço, govêrno, parêde, almôço*, etc. (subst.) e *acérto, aderéço, govérno, séllo, almóço*, etc. (verbos). Pero resulta moi confuso, posto que tamén pon acento agudo ou circunflexo noutras palabras, como *orthografía, orthologia, asílo, mercê, privilégio, fóra, se-cumprirá, póde, côrte, só, Sátyra* (aínda que as esdrúxulas normalmente van sen acento), etc., etc. Outra particularidade está no uso do guión, pois propón que se poña tanto se o pronome vai enclítico coma proclítico: *se-confunde, se-equivocam, se-pronuncíam* (p. 81), *me-parecêram, abstêndo-te*. Esta regra non a cumpre sempre, como en *se excéptuam, se pronuncíam* (p. 81), etc.

Contra a postura máis xeral da grafía etimolóxica houbo voces de protesta no século XVIII, sendo un dos máis acérrimos defensores da grafía

26. *Regras da lingua portugueza, espelho da lingua latina, ou disposiçam para facilitar o ensino da lingua Latina pelas regras da Portugueza...*, Lisboa Occidental, na Officina de Mathias Pereyra da Sylva & João Antunes Pedrozo, 1721; Segunda impressaõ, muyto accreentada, e correcta, Lisboa Occidental, na Officina da Musica, 1725.

27. Joaõ de Moraes Madureyra Feijó, *Orthographia, ou Arte de escrever, e pronunciar com acerto a lingua portugueza...*, Lisboa, Off. de Miguel Rodrigues, 1734 (con impresións posteriores, como en 1739, 1786, 1797, 1814, 1815, 1818, 1824, 1836, 1861). Cf. Maria Filomena Gonçalves, *Madureira Feijó, ortografista do século XVIII: para uma história da ortografia portuguesa*, Lisboa, Ministério da Educação, Instituto de Cultura e Língua Portuguesa, 1992; Winkelmann, 1994, pp. 490-491.

28. *Orthographia da lingua portugueza*, Lisboa Occidental, Na Officina de Antonio Isidoro da Fonseca, 1736. Cf. Winkelmann, 1994, pp. 491-492.

29. *Compendio de orthografia, com sufficientes Catalogos, e novas Regras, para que em todas as Provincias, e Dominios de Portugal, possam os curiosos comprehender facilmente a Orthologia, e Prosódia, isto he, a Recta Pronunciaçam, e Accentos proprios, da Lingua Portugueza: accrescentado com outros novos Catalogos, e explicaçam de muitos Vocabulos antigos, e antiquados...*, Lisboa, Na Officina de Antonio Rodrigues Galhardo, 1767. Cf. Winkelmann, 1994, pp. 492.

fonética Luís António Verney³⁰. Este autor critica a Nunes de Leão e a tó-dolos gramáticos do XVII e XVIII que seguiron unha ortografía etimoló-xica (deixando sen citar estrañamente a Madureira Feijó) e defende con ardor na Carta I unha ortografía fonética, considerando que debe escribir-se tal como se pronuncia e tomando como lingua padrón a falada na Estremadura portuguesa. Con todo, fai concesións ó uso tradicional, xustificán-doas con argumentos de varia natureza³¹.

A cuestión ortográfica está latente en todo o século e ás veces plantéase o problema, como nun manuscrito de 29 de novembro de 1737 (4 follas) do padre João Bautista de Castro, que lle pregunta ós eruditos da Corte de Lisboa se sería máis acertado para a ortografía portuguesa “manter as suas dicções dentro da etymologia latina, ou expresa-las pelo rigor da pronun-ciação?”, obtendo diversas respostas³². Máis tarde António de Almeida publica dous artigos no *Jornal Encyclopedico* (marzo de 1789 e xaneiro de 1790) defendendo a ortografía conforme á pronuncia, pero esta tendencia non gaña adeptos e nos tratados de finais do século e na maior parte dos numerosos do XIX segue imperando a ortografía latinizante, como en Francisco Nunes Cardoso³³, José Joaquim Bordalo³⁴, Francisco José Freire³⁵, Augusto Castrilho³⁶ e noutras obras citadas na *Historiografia* de Cardoso, 1994, pp. 71-94. Por exemplo, Rodrigo Ferreira da Costa fai acopio no títu-

30. Luis Antonio Verney, *Verdadeiro methodo de estudar ... para ser util á Republica e á Igreja: proporcionado ao estilo e necessidade de Portugal...*, Valensa, na Officina de Antonio Balle, 1746 (afnda que debe ser de 1747 ou 1749); reimpresso en 1747 (pero realmente por volta de 1751, como indica Pires, pp. 17-18, na edición de Luís António Verney, *Verdadeiro Método de estudar (Cartas sobre Retórica e Poética)*. Introdução e notas de Maria Lucília Gonçalves Pires, Lisboa, Editorial Presença, 1991). Cf. *Verdadeiro método de estudar*, ed. organizada por António Salgado Júnior, 5 vols., Lisboa, Sá da Costa, 1949-1953; *Verdadeiro método de estudar*, pref. e notas por Joaquim Ferreira, 2ª ed., Porto, Domingos Barreira, 1960; 3ª ed., 1984. Véxase tamén *Resposta ás reflexoens que o R. P. M. Fr. Arsénio da Piedade, Capucho, fez ao livro intitulado Verdadeiro metodo de estudar...*, Valensa, Na Off. de Antonio Balle, 1748. Cf. Winkelmann, 1994, pp. 492-493.

31. Cf. Rolando Morel Pinto, *História da Língua Portuguesa*. IV. Século XVIII, São Paulo, Editora Ática, 1988, pp. 15-17.

32. Simão Cardoso, *Historiografia gramatical (1500-1920)*. Língua Portuguesa - Autores Portugueses, Porto, Revista da Faculdade de Letras, 1994, p. 88.

33. *Arte, ou novo methodo de ensinar a ler a lingua portugueza, por meyo da estampa, a que se prepoim un novo systema da sua orthografia*, Lisboa, Offic. de Simão Thaddeo Ferreira, 1788; *Arte da orthografia portugueza conforme o novo sistema*, Lisboa, Offic. de Simão Thaddeo Ferreira, 1790; *Exame crítico das regras de orthografia portugueza*, Lisboa, Offic. de Simão Thaddeo Ferreira, 1790.

34. *Tratado da orthografia portugueza com Importantissimo auxilio para os que não frequentarão os estudos*. Segunda edição correctea e augmentada, Lisboa, Na Typ. de M. de J. Coelho, e Comp.ª, 1835; 5ª ed., Lisboa, Typ. de Vicente Alberto dos Santos, 1865.

35. *Reflexões sobre a lingua portugueza*. Parte primeira. *Trata do valor das palavras e correcção da Grammatica*, Lisboa, Typographia da Sociedade Propagadora dos Conhecimentos Uteis, 1842.

36. *Promptuario orthographico e syntactico para instrucção primaria*, Lisboa, Typ. Universal, 1879.

lo dos tres argumentos utilizados xa no século anterior³⁷ e José Feliciano de Castilho Barreto e Noronha³⁸ segue escribindo *graphia*, *orthographia* (p. 42), *commum*, *physionomicos*, *gruppos*, *ethnographia* (p. 43), etc. e alterna no uso dos acentos: *possivel* (p. 42), *orthographicas*, (p. 43), *linguas*; *historia*, *phenomeno* (p. 43), etc. pero tamén *número* (p. 43), *commércio* (p. 42), *arrastrará* (p. 45), etc. Para o guión fai como Monte Carmelo: *multiplicamse* (p. 44) e *se-immaranha* (p. 44), *lhe-houver* (p. 45), etc.

Fronte á tendencia xeral da ortografía etimolóxica no século XIX tamén hai autores, coma no século anterior, que son partidarios da ortografía fonética, como António José Vaz Velho³⁹ ou José Tavares de Macedo⁴⁰ e especialmente o médico militar José Barbosa Leão, que publica un traballo en 1875 sobre a reforma⁴¹ e promove unha Comisión no Porto para o que chama reforma sónica⁴². Esta comisión envía en 1877 un parecer á Academia das Ciencias de Lisboa⁴³, que é rexeitado pola Comisión nomeada pola Academia (con José M. Latino Coelho⁴⁴, Manuel Pinheiro Chagas e A. M. Couto Monteiro). A idea da ortografía sónica colle certa presenza e outros autores súmanse a ela, como Francisco José Monteiro Leite⁴⁵ e A. Louro⁴⁶.

O tema da reforma chega a Coímbra, onde tamén se fan propostas⁴⁷, e fai que diversos autores tomen posición e manteñan viva a polémica,

37. *Tractado de orthographia portugueza, deduzida das suas tres bases, a pronunção, a etymologica, e o uso dos doutos*, Lisboa, Imprensa Regia, 1818.

38. *Orthographia portugueza e missão dos livros elementares; correspondencia official, relativa ao Iris Classico*, publicada por —, 2ª edición correcta e augmentada, Rio de Janeiro, Typ. e Livraria de B. X. Pinto de Sousa, 1860.

39. *Opusculo sobre Orthographia, dividido em serões de inverno*, Lisboa, Imprensa Nacional, 1856.

40. *Elementos de Orthographia Portugueza*, Lisboa, Imprensa Nacional, 1834; 2ª ed., Lisboa, Tip. Universal, 1861.

41. *Considerações sobre a Orthographia Portugueza...*, Porto, Tip. de A. J. da Silva Teixeira, 1875. Cf. Winkelmann, 1994, p. 494.

42. Cf. *Os seus Principios e regras para escrever em ortografia sónica*, Porto, 1886.

43. Cf. *Parecer da Comissão da reforma orthographica*, Porto, Tip. de A. J. da Silva Teixeira, 1877. Véxase tamén José Barbosa Leão, *Collecção de estudos e documentos a favor da reforma da ortografia em sentido sónico*, Lisboa, Imprensa Nacional, 1878; íd. *Representação á Academia Real das Ciências sobre a refórma da ortografia*, Lisboa, Imprensa Nacional, 1878; íd., *A Academia Real das Ciências de Lisboa e a comição de reforma ortográfica do Porto*, Porto, 1879; íd., *A ortografia sónica e os seus adversários*, s. d.

44. *Parecer apresentado á Academia Real das Ciências de Lisboa sobre a reforma ortográfica proposta pela comissão da cidade do Porto*, Lisboa, Tip. da Academia, 1879.

45. *A Ortografia etimológica e a sónica*, Porto, Livraria Central de Campos & Godinho, 1887.

46. *Ortografia portugueza sónica*, Lisboa, Imprensa de Libanio da Silva, 1901.

47. *Questão (a) ortográfica e o Instituto de Coímbra. Documentos e explicações*, Coimbra, 1896. Cf. António José Gonçalves Guimarães, *Algumas reflexões sobre a ortografia portuguesa. Parecer apresentado à comissão de reforma ortografica*, Coimbra, Imprensa de Universidade, 1903.

como Antonio Moniz Barreto Corte-Real⁴⁸, Antonio Castanheira Nunes⁴⁹ e Candido de Figueiredo⁵⁰. De tódolos lingüistas que empezaron a escribir a finais do século XIX, o grande impulsor da reforma ortográfica foi o famoso investigador A. R. Gonçalves Viana, que nos seus primeiros traballos aínda escribe o seu apelido con dos *nn* (Vianna). Gonçalves Viana (xuntamente con Guilherme Vasconcellos Abreu) publica as *Bases da Ortografia Portuguesa*, Lisboa, Imprensa Nacional, 1885, onde propón a eliminación da grafía latinizante e a intensificación da acentuación gráfica: eliminación do *h*, das consoantes dobres, do *y*, de *ph* por *f* e das consoantes mudas se non inflúen no timbre das vocais. Propón isto porque cada imprenta tiña a súa ortografía e mesmo era distinta a da Imprensa Nacional e a da Imprensa da Universidade. Non lle fixeron caso e nalgún texto posterior Viana seguiu utilizando a ortografía tradicional⁵¹, pero axiña se decide definitivamente pola reforma e escribe sobre ela en diversos traballos desde 1894⁵², especialmente na *Ortografia Nacional. Simplificação e uniformização sistemática das ortografias portuguesas*, Lisboa, Livraria Editora Viuva Tavares Cardoso, 1904, onde responde ó cuestionario que presentara en 1900 con 115 preguntas e propón eliminar toda a parafernalia latinizante, chegando mesmo a postula-lo uso de *j* por *g* (*etimolójica, etimolojia* p. 37, *orijem* p. 38, etc.)⁵³. Por esta época seguen sen facerlle caso⁵⁴.

48. *Proposta de reforma orthographica*, Angra do Heroísmo, Tip. Angrense, 1877.

49. *Duas palavras a respeito da orthographia actual e projecto de reforma*, Lisboa, Casa Portuguesa, 1879.

50. *A questão orthographica. Carta ao presidente da Comissão nomeada na Academia Real das Sciencias acerca da orthographia que deverá ser adoptada no Dicionario da mesma Academia*, Lisboa, 1887.

51. Por exemplo, en *Exposição da pronuncia normal portuguesa para uso de nacionaes e estrangeiros. Memoria destinada á X sessão do Congresso Internacional dos Orientalistas*, Lisboa, Imprensa Nacional, 1892.

52. *Proposta para a fixação da acentuação gráfica portuguesa...*, Lisboa, Typ. do Commercio de Portugal, 1894; *Proposta de um questionario para se formularem as regras de orthographia portuguesa uniforme ...: proposta apresentada á Academia Real das Sciencias de Lisboa*, Lisboa, Typ. da Academia, 1900; *As ortografias portuguesas; estudo das suas anomalias e meios de as remediar instituindo-se a ortografia nacional*, Lisboa, Typ. da Academia, 1902.

53. Cf. a súa obra *Palestras filolójicas*, Lisboa, Livraria Clássica Editora, 1910; 2ª ed., 1931.

54. Véxase, por exemplo, a magna obra *Cancioneiro da Ajuda*. Edição crítica e commentada por Carolina Michaëlis de Vasconcellos, doutora em Philosophia. Volume I: *Texto, com resumos em alemão, notas e eschemas metricos*; volume II: *Investigações bibliographicas, biographicas e historico-literarias*, Halle, Max Niemeyer, 1904. Dona Carolina xa muda de postura en *Mestre Giraldo e os seus tratados de Alveitaria e Cetraria. Estudo Literário e Contribuições para o futuro Diccionário Etimológico das Línguas Románicas Peninsulares*, Lisboa, Imprensa Nacional, 1911 [Separata da *Revista Lusitana*, XIII, 3-4, 1910].

Entre tanto no Brasil adiantanse a Portugal e presentan unha reforma ortográfica en 1907⁵⁵, proposta por Medeiros e Albuquerque, seguindo, en parte, as ideas de Gonçalves Viana. Contra este proxecto presentan unha proposta diferente Ruy Barbosa e Sílvio Romero, pero a Academia Brasileira de Letras aproba a primeira, que recibe críticas moi fortes dos partidarios da ortografía etimolóxica, como é o caso de Alexandre de Fontes⁵⁶.

En Portugal segue a discordia e por fin o 15 de febreiro de 1911 o Goberno portugués nomea unha Comisión encargada de unificar e fixa-las bases da ortografía. Estaba composta por Carolina Michaëlis, Gonçalves Viana, Cândido de Figueiredo, Adolfo Coelho e Leite de Vasconcelos, entrando pouco despois (o 16 de marzo) a formar parte dela Antóni Garcia Ribeiro de Vasconcelos, Antóni José Gonçalves Guimarães, Epifânio da Silva Dias (que se escusou), Júlio Moreira, José Joaquim Nunes e M. Borges Grainha. Esta Comisión presentou o seu relatorio o 23 de agosto e o 1 de setembro de 1911 o Goberno aprobou por decreto as resolucións da Comisión⁵⁷, mandando que a reforma se adoptase nas escolas e nos documentos e publicacións oficiais e que se publicase un Vocabulario Ortográfico⁵⁸ e unha Cartilla. En xeral adoptáronse as propostas de Gonçalves Viana, pero mantívose a grafía *g* ante *e*, *i*, o *h* inicial e *x*.

55. Cf. Almachio Denis, *A Reforma Ortográfica*, Bahia, Offic. do *Diario da Bahia*, 1907. Véxase xa antes Miguel Lemos, *Normas ortográficas tendentes a simplificar e ordenar a ortografía de nossa língua*, Rio de Janeiro, Apostolado positivista do Brasil, 1901.

56. *A Escripção Nacional ou A Orthographia Portugueza Etymologica (Licção practica)*, Lisboa, Livraria Ferin, s. d. [1908?] (a 2ª ed. corrixida é de 1909); *A questão orthographica*, Lisboa, Typ. da Coop. Militar, 1910; *Orthophonia e orthographia da lingua portugueza*, Lisboa, Typ. da Gazeta dos Caminhos de Ferro, 1913. Cf. tamén C. de Figueiredo, *A Ortografia no Brasil (a propósito da reforma ortográfica votada pela Academia Brasileira)*. *História e crítica*, Lisboa, A. M. Teixeira & C.ª, 1908 (2ª ed., 1921); *A lingua portuguesa em Portugal e no Brasil: discurso acadêmico, seguido de um resumo da reforma ortográfica*, Lisboa, Lusitania Ed., 1923.

57. Cf. *Bases para a unificação da ortografia*, Lisboa, Imprensa Nacional, 1911; *Bases da ortografia portuguesa*, Coimbra, F. França Amado, 1911; *Formulário da ortografia nacional. Relatório e bases fixadas pela Comissão nomeada por Portaria de 15 de Fevereiro de 1911*, Coimbra, Imprensa da Universidade, 1911. Véxase tamén Albert-Alain Bourdon, "Ortographe et Politique sous la Première République Portugaise", *Arquivos do Centro Cultural Português*, X, 1976, 261-300.

58. Cf. A. R. Gonçalves Viana, *Vocabulário Ortográfico e remissivo da Língua Portuguesa. Contendo cerca de 100.000 vocábulos, conforme a ortografia oficial*, Lisboa, Aillaud-Alves & C.ª / Rio de Janeiro-S. Paulo-Belo Horizonte, Francisco Alves & C.ª, 1912; 2ª ed., Lisboa, Aillaud-Alves & C.ª, 1913; 3ª ed., 1914; 7ª ed., Livr. Bertrand, 1933; 8ª ed., 1937 (xa en 1909 publicara o *Vocabulário ortográfico e ortoépico da língua portuguesa*); cf. tamén o seu *Formulário ortográfico conforme o plano de regularização e simplificação da escrita portuguesa...*, Lisboa, Livr. Aillaud & Bertrand, 1916; F. A. Xavier Rodrigues, *Vocabulário ortográfico da língua portuguesa ... em conformidade com o Decreto de 1 de Setembro de 1911*, Lisboa, Typ. Paulo Guedes & Saraiva, 1912 (cf. *Vocabulário ortográfico e ortoépico da língua portuguesa*, coord. F. A. Xavier Rodrigues, 3ª ed., Lisboa, Livr. Rodrigues, 1937).

A imposición da nova ortografía en Portugal non se fixo dun día para o outro e achamos autores que discuten o tema. Así, Cândido de Figueiredo, aínda que era xa consciente do problema da ortografía no prólogo ó seu *Novo Dicionário da Língua Portuguesa*, datado o 10 de marzo de 1899, na segunda e na terceira edicións do dicionario, que saíron despois da reforma, malia el ter participado na Comisión, segue dándolle preferencia á ortografía etimolóxica (pon, por exemplo, como lema "*Philosophia*, ou *Filosofia*")⁵⁹. Nos anos seguintes segue habendo relatorios e estudos críticos⁶⁰.

O gran problema da nova normativa foi que no Brasil non se aceptou esta reforma feita en Portugal, polo que seguiron as diferencias entre as dúas comunidades, e isto levou a que houbera contactos entre a Academia das Ciencias de Lisboa e a Academia Brasileira de Letras para tratar de chegar a un consenso e resolve-las diverxencias. Houbo unha revisión da ortografía brasileira en 1912⁶¹, pero seguiu a disensión⁶². Anos despois, o 11 de novembro de 1915, a Academia Brasileira adheriuse á reforma portuguesa de 1911, por pouco tempo, pois o 14 de novembro 1919 deu marcha atrás. Debido a isto, en 1923 Júlio Dantas, presidente da Academia das Ciencias de Lisboa, desprazouse ó Brasil coa proposición de que as dúas Academias chegasen a un acordo ortográfico definitivo. Non o conseguiu de inmediato, pois a Academia Brasileira adoptou en 1926 as normas ortográficas da *Revista de Língua Portuguesa* e en 1929 volveu outra vez ás de 1907. Tiveron que segui-los contactos para establecer un acordo que contentase ós dous países e este levouse a cabo en 1931, sendo asinado o 30 de abril polos embaixadores de Portugal e Brasil e polos presidentes das dúas Academias⁶³. Neste acordo facíanse concesións mutuas e aprobouse en Portugal por Orde Ministerial de 27 de maio, aínda que sen aceptar tódalas condicións, porque se opuxo a Academia das Ciencias de Lisboa. No Brasil aprobouse por Decreto do 15 de xuño de 1931 e do 2 de agosto de 1933,

59. Cf. C. de Figueiredo, *A reforma ortográfica (Em meia dúzia de palavras)*, Lisboa 1911, coa resposta de José Custódio Vieira, *A proposito da reforma da orthographia portugueza (Carta ao distintissimo filólogo e homem de letras sr. Cândido Figueiredo)*, Lisboa, Imprensa Lucas, 1912.

60. Cf. *Bases da ortografia que deve ser adoptada no dicionário da Academia. Relatório da Comissão do Dicionário - Relator: David Lopes*, Lisboa, Imprensa Nacional, 1916; Francisco José Monteiro Leite, *Estudo Crítico sobre a Moderna Ortografia da Língua Portuguesa...*, Porto, Rafael Pereira dos Santos, 1915.

61. Academia Brasileira de Letras, "Reforma ortográfica: regras e anotações", *Revista da Academia Brasileira de Letras*, Rio de Janeiro, V, 9, 1912, 125-152.

62. Cf. Oscar Nobiling, *Reforma da orthographia*, São Paulo, 1913.

63. Cf. "Bases do Acordo Ortográfico entre a Academia de Ciências de Lisboa e a Academia Brasileira de Letras", *Revista da Academia Brasileira de Letras*, XXXVI, 113, 1931, 49-52.

pero en 1934 promulgouse a nova *Constituição Brasileira*, que botou abaixo o Acordo. En 1937 o Goberno brasileiro encarga a Sousa da Silveira, Antenor Nascentes e Augusto Magne a elaboración dunha nova Reforma, pero o 23 de febreiro de 1938 (Decreto-lei nº 292) volve á Reforma de 1931⁶⁴. Algúns anos despois apareceu en Portugal o *Vocabulário Ortográfico*⁶⁵ e en 1943 os dous Gobernos asinaron a *Convenção Luso-Brasileira* do 29 de decembro de 1943 para a unidade, ilustración e defensa do idioma común⁶⁶, publicando tamén neste mesmo ano a Academia Brasileira de Letras o *Vocabulário*⁶⁷, que seguía presentando diverxencias respecto ó *Vocabulario* publicado pola Academia de Lisboa. Por iso os dous Gobernos decidiron unha vez máis buscar unha unificación e organizaron unha Conferencia Interacadémica para resolver as diferencias existentes. Para iso reuníronse en Lisboa de xullo a outubro de 1945 unha delegación da Academia Brasileira e a sección de filoloxía da Academia das Ciencias e chegaron a un novo acordo para a unificación ortográfica. Os membros da Conferencia asinaron o instrumento de acordo o 10 de agosto, o acto complementar que aprobou o desenvolvemento analítico das 51 bases o 25 de setembro e o protocolo de peche o 6 de outubro⁶⁸. O Goberno brasileiro

64. Cf., por ex., Napoleão Mendes de Almeida, *Ortografia oficial. Decreto-lei 292, de 1938*, 2ª ed., São Paulo, Ed. Saraiva e Cia., 1942; Aires da Mata Machado Filho, *Ortografia oficial*, 2ª ed. melhorada, Belo Horizonte, Edições Mensagem, 1938; 3ª ed. revista e aumentada, Rio de Janeiro, Livr. Francisco Alves, 1942.

65. Academia das Ciências de Lisboa, *Vocabulário Ortográfico da Língua Portuguesa*, Lisboa, Imprensa Nacional, 1940. Cf. A. Sampaio e Melo, *Prontuário ortográfico da Língua Portuguesa*, Porto, Ed. Domingos Barreira, 1940.

66. República Portuguesa, *Convenção Ortográfica Luso-Brasileira: discursos*, Lisboa, Assembléa Nacional, 1944; *Convenção Ortográfica Luso-Brasileira*, Lisboa, Imprensa Nacional, 1944.

67. Academia Brasileira de Letras, *Pequeno Vocabulário Ortográfico da Língua Portuguesa*, Rio de Janeiro, Imprensa Nacional, 1943. Cf. Academia Brasileira de Letras, *Instruções para a organização do Vocabulário Ortográfico da Língua nacional*, Rio de Janeiro, Serviço Gráfico do Instituto Brasileiro de Geografia e Estatística, 1942; M. R. Martins, *Comentários à margem do "Pequeno Vocabulário Ortográfico da Língua Portuguesa" da Academia Brasileira de Letras*, 1943, Rio de Janeiro, Ed. do autor, 1944.

68. Cf. *Convenção ortográfica luso-brasileira: Decreto nº 35228 de 8 de Dezembro de 1945*, Lisboa, Imprensa Nacional, 1945; *A Convenção Ortográfica Luso-Brasileira estabelecida pelo Decreto Nº 35:228*, com um Prefácio de Augusto Moreno e um vocabulário auxiliar organizado por Cardoso Júnior, Lisboa, Editorial Inquérito, 1945; *Acordo ortográfico luso-brasileiro de 1945: bases analíticas*, Porto, Editorial Argus, 1945; "Pela unidade da língua. O Acordo Ortográfico Luso-Brasileiro", *Revista de Portugal. Série A: Língua Portuguesa*, VIII, 1945, 157-182; Sebastião Pestana, *O acordo ortográfico luso-brasileiro*, Lisboa, Ocidente, 1945; *Regras da nova ortografia. Bases do Acordo Ortográfico entre a Academia de Ciências de Lisboa e a Academia Brasileira de Letras, acompanhadas da lista alfabética completa das palavras contidas nas Bases do Acordo cuja grafia sofreu alteração. Dec. 35:228 de 8-12-1945*, 2ª ed., Porto, Porto Editora, 1946; *Bases da nova ortografia*. Introdução e notas de José Pedro Machado, Lisboa, Pro Domo, 1946; Miguel Moraes, *Ortografia luso-brasileira. Alfabetação e coordenação do desenvolvimento analítico das bases do Acordo*

aprobou este acordo ortográfico o 5 de decembro de 1945 (Decreto-Lei 8.286) e o Governo português o día 8 do mesmo mes (Decreto 35:228). Como consecuencia do establecido no Acordo, as dúas Academias dedicáronse a prepara-los seus vocabularios ortográficos⁶⁹.

Hai que ter en conta que a fixación de moitas formas no portugués só se deu en 1945, como é o caso de *perguntar* e non *preguntar*, *quer* e non *quere*, etc. Ademais, o Acordo presentouse con concesións e respectando que nos nomes e nos apelidos se puidese conserva-la grafía tradicional.

No Brasil este Acordo deu lugar a unha tremenda polémica por consideraren que se facían demasiadas concesións a Portugal e terminou por ser rexeitado polo Governo. En 1948 o presidente Getúlio Vargas pediu que se volvесе ó sistema ortográfico existente en 1943, polo que se produciu un longo debate no Parlamento, como consecuencia do cal a Cámara dos Deputados revogou o Decreto-lei nº 8.286 o 14-12-1951. Máis tarde, o 21 de outubro de 1955 (Decreto-Lei nº 2.623), o presidente Café Filho restableceu o sistema ortográfico de 1943⁷⁰.

de 1945, da Conferência interacadémica de Lisboa, Rio de Janeiro, Ed. Pongetti, 1946; *Acordo ortográfico da língua portuguesa*, Macau, Imprensa Nacional, 1946; R. d'Eça, "Comentários sobre os acordos ortográficos luso-brasileiros", *Hispania*, 30, 1947, 215-219; J. H. A. Padberg Drenkpol, "Parecer sobre o Acordo Ortográfico Interacadémico da Língua Portuguesa, aprovado pela Academia Brasileira de Filologia", no *Jornal do Comércio* de Rio de Janeiro de 24-IV-1948; *Acordo ortográfico da língua portuguesa: acordo resultante da Conferência interacadémica de Lisboa para a unidade ortográfica da língua portuguesa de 10 de Agosto de 1945*, Goa, Governo Geral da Índia, 1955. Véxanse as noticias que se dan en "Ortografia Luso-Brasileira", *Revista de Portugal. Série A. Língua Portuguesa*, XIII, 1948, 2-8, 46-51, 81; "O Acordo ortográfico Luso-Brasileiro", *íd.*, 277-280; Vasco Botelho do Amaral, *Estudos críticos de Língua Portuguesa, I: Bases da Ortografia Luso-Brasileira*, Lisboa, Livr. Bernardo, 1946.

69. Academia das Ciências de Lisboa, *Vocabulário Ortográfico Resumido da Língua Portuguesa*, Lisboa, Imprensa Nacional, 1947; Academia Brasileira de Letras, *Vocabulário Ortográfico Resumido da Língua Portuguesa, organizado em conformidade com o que decidiu a Conferência Interacadémica de Lisboa e aprovado pelo decreto-lei nº 8.286, de 5 de Dezembro de 1945*, Rio de Janeiro, Imprensa Nacional, 1947. Cf. tamén F. Rebelo Gonçalves, *Tratado de Ortografia da Língua Portuguesa*, Coimbra, Atlântida, 1947; Academia Brasileira de Letras, *Vocabulário Ortográfico da Língua Portuguesa*, Rio de Janeiro, Bloch, 1981; J. Reis Chorão, *Vocabulário ortográfico resumido da língua portuguesa*, Porto, Educação Nacional, 1946; J. Diogo Correia, *Vocabulário ortográfico para Portugal e Brasil*, Porto, Figueirinhas, 1955.

70. José de Sá Nunes escribiu sobre o tema bastantes artigos. Por exemplo, "Em defesa do Acordo Ortográfico Luso-Brasileiro", *Revista de Portugal. Série A: Língua Portuguesa*, XII, 1947, 16-24, 103-107, 136-139; XIII, 1948, 33-34, 69-73; "A Convenção de 1943 e o Acordo de 1945. Esclarecimentos necessários", *íd.*, XVI, 1951, 189-194; "O Tratado Internacional de Ortografia Luso-Brasileira", *íd.*, XVI, 1951, 237-245; "A questão ortográfica. Aos egrégios senhores legisladores", *íd.*, XVII, 1952, 46-56; "O Acordo Ortográfico de 1945 na Câmara dos Deputados do Brasil", *íd.*, XVII, 1952, 77-86; "A Ortografia no Senado Federal", *íd.*, XVII, 1952, 109-118; "A Ortografia na Câmara e no Senado", *íd.*, XVII, 1952, 173-182; "O Acordo Ortográfico de 1945 no Brasil", *íd.*, XVII, 1952, 205-215; "O cisma ortográfico brasileiro", *íd.*, XVIII, 1953, 281-289; "O caos ortográfico brasileiro", *íd.*, XIX, 1954, 81-88, 125-133, 156-162, 181-185 (cf. *Ocidente*, 46, 1954, 191-198, 252-260; 47, 1955, 27-30, 52-59); "Como vai o caso ortográfico?", *íd.*, XIX, 1954, 246-255 (cf. *Ocidente*, 47, 1954, 96-105); "Para a história do Acordo

Desta maneira a escrita portuguesa e a brasileira seguiron sen unificar-se. A historia interminable continuou. En 1971 as dúas Academias estableceron que se eliminasen os acentos en palabras homógrafas, salvo en *pôde/pode*, e os acentos da tónica secundaria nas palabras en *-mente* e *-ção* (no Brasil pola Lei nº 5.765 de 18-12-1971⁷¹; en Portugal polo Decreto-lei nº 32/73, de 6-2-1973). As tentativas de achegamento seguiron existindo e mesmo se chegou a resultados concretos en 1975, ano en que se elaboraron unhas *Bases Analíticas do Acordo Ortográfico de 1945 consolidadas pela Academia das Ciências de Lisboa e a Academia Brasileira de Letras em 1975*. Estas bases quedaron inéditas debido á *Revolução dos Cravos* e á falta de democracia no Brasil.

Con todo, seguiu-se falando da cuestión ortográfica⁷² e as dúas Academias seguiron predispostas ó diálogo e, por fin, en 1986 houbo unha reu-

Ortográfico. O Acordo Ortográfico e os legisladores", *íd.*, XXIV, 1959, 141-151; "Para a história do Acordo Ortográfico luso-brasileiro", *íd.*, XXXV, 1970, 36-39. Véxase tamén F. da Silveira Bueno, "Para a História do Acordo Ortográfico Luso-Brasileiro. Depoimentos da imprensa brasileira. Sistemas ortográficos", *íd.*, XXXV, 1970, 89-91; "Para a História do Acordo Ortográfico Luso-Brasileiro. Ao Brasil e a Portugal", *íd.*, XXXV, 1970, 166-176; Clóvis Monteiro, *Ortografia da Língua Portuguesa*, Rio de Janeiro, Colégio Pedro II, 1954 (na primeira parte contén un resumo da historia da ortografía portuguesa desde 1911); Sauri Sirihal, *A nova ortografia brasileira*, 2ª ed., Belo Horizonte, 1972. Entre os vocabularios temos A. Tenório d'Albuquerque, *Vocabulário Ortográfico da Língua Portuguesa, organizado com base nas "instruções" da Academia Brasileira de Letras de 1943*. Com a colaboración de A. Fernandes, Rio de Janeiro, Ed. Aurora, 1953; Aurelio Buarque de Hollanda Ferreira e Manuel da Cunha Ferreira, *Nôvo Vocabulário Ortográfico da Língua Portuguesa, de acôrdo com a ortografia oficial e com cêrca de 50000 vocábulos mais do que o Vocabulário Ortográfico da Academia Brasileira de Letras, de 1943, no qual se baseia*, Rio de Janeiro, Edições O Cruzeiro, 1961; L. de Azeredo Penna, *Nôvo Vocabulário Ortográfico da Língua Portuguesa. Enriquecido com milhares de vocábulos na publicação oficial feita pela Academia de Letras em 1945*, 2 vols., Rio de Janeiro, Ed. Científica, 1966; Antônio Geraldo da Cunha, *Vocabulário ortográfico Nova Fronteira da língua portuguesa*, Rio de Janeiro, Nova Fronteira, 1983.

71. Cf. Firmino Crespo, "Acôrdo Ortográfico Luso-Brasileiro", *Ocidente* 80, 1971, 411-413; Evandilo Bechara, "A propósito das novas instruções ortográficas: Falta toda força no novo acordo", *Ocidente*, 81, 1971, 238-240 (véxase antes "Sugestões para uma unificação racional do sistema ortográfico comum ao Brasil e a Portugal", en *I Congresso Brasileiro de Língua e Literatura (de 3 a 17 de Julho de 1969) = Homenagem a Tasso da Silveira*, Rio de Janeiro, Edições Gernasa e Artes Gráficas, Ltda., 1970, pp. 89-96); Academia Brasileira de Letras, *A nova ortografia oficial. Com vocabulário exemplificativo. Regras oficiais para escrever corretamente, formuladas pela Academia Brasileira de Letras. Texto atualizado e completo do formulário ortográfico oficial*, Rio de Janeiro, Gráfica Auriverde, 1972; Aires da Mata Machado Filho, *Nova Ortografia. Lei nº 5.765 de 18 de Dezembro de 1971*, Belo Horizonte, Editora Vega, 1972; Celso Pedro Luft, *A nova ortografia oficial explicada. Acordo Luso-Brasileiro de 1943, oficializado pelo decreto-lei 2623, de 1955, e alterado pela lei 5765, de 1971*, 2ª ed., Porto Alegre, Livraria Sulina Editora, 1972; Adriano da Gamma Kury, "Notas sobre ortografia", *Hispania*, 56, 1973, 122-123.

72. Cf. Ricardo Stavola Cavaliere, "A questão ortográfica hoje", *Revista Brasileira de Língua e Literatura*, 3, 8, 1981, 23-26; Celso Pedro Luft, "Ortografia: Questão de Política Cultural e Educacional", *Boletim da Associação Brasileira de Linguística*, 1, 1981, 4-17; Miriam Lemle, "Reforma Ortográfica: Uma Questão Lingüística ou Política?", *Boletim da Associação Brasileira de Linguística*, 1, 1981, 18-24; Judith Freitas, "Reforma Ortográfica: Questão Lingüística ou Política?", *Boletim da Associação Brasileira de Linguística*, 1, 1981, 25-31.

nión en Rio de Janeiro, do 6 ó 12 de maio, á que tamén asistiron representantes das outras comunidades lusófonas (Angola, Cabo-Verde, Guiné-Bissau, Mozambique e S. Tomé e Príncipe), na que se elaboraron as *Bases Analíticas da Ortografía Simplificada da Língua Portuguesa de 1945, renegociadas em 1975 e consolidadas em 1986*⁷³. Parecía a solución final e a definitiva, pero este novo acordo non conseguiu trae-la concordia, pois en Portugal houbo moitas persoas que o consideraron unha traición á norma portuguesa e mesmo se creou un Movemento contra o Acordo Ortográfico⁷⁴. Fíxose un Anteproxecto de bases da ortografía unificada da lingua portuguesa (1988) e un Acordo Ortográfico da Língua portuguesa (1990)⁷⁵, asinado o 16 de decembro de 1990 e ratificado polo Parlamento portugués o 4 de xuño de 1991⁷⁶, pero o resultado de toda a polémica suscitada foi que o Acordo aínda non entrou en vigor, polo que continúan as

73. Reproducidas, por exemplo, en "Bases Analíticas da Ortografía Simplificada da Língua Portuguesa de 1945, renegociadas em 1975 e consolidadas em 1986", *ICALP-Revista*, nº 5, Julho 1986, pp. 16-31, ou en Ivo Castro e Isabel Leiria, *A demanda da ortografia portuguesa. Comentário do Acordo Ortográfico de 1986 e subsídios para a compreensão da Questão que se lhe seguiu*, Lisboa, Edições João Sá da Costa, 1987, pp. 13-89. Cf. Encontro de unificação ortográfica da língua portuguesa, Rio de Janeiro, 1986, *Acordo ortográfico*, s. 1, 1986; Maria Helena Mira Mateus, "Unidade da Língua Portuguesa", *ICALP-Revista*, 5, 1986, 7-15; João Malaca Casteleiro, "Unificação Ortográfica da Língua Portuguesa. Justificação das principais alterações introduzidas", *ICALP-Revista*, 5, 1986, 32-37; Fernando Cristóvão, "A hora e a vez da Língua Portuguesa", *ICALP-Revista*, 5, 1986, 38-40; Ivo Castro, "Um juízo sobre o novo Acordo Ortográfico", *ICALP-Revista*, 5, 1986, 41-48; Luís F. Lindley Cintra, "As origens do novo acordo", *ICALP-Revista*, 5, 1986, 49-52; "O Acordo Ortográfico na praça pública", *ICALP-Revista*, 5, 1986, 53-59; Eduardo Prado Coelho, "A língua dos «infantes»", *ICALP-Revista*, 5, 1986, 60-64; José Gonçalo Herculano de Carvalho, "Ortografia e Ortografia Portuguesa", *ICALP-Revista*, 5, 1986, 72-75. Tamén Paul Teyssier, "Un nouvel accord orthographique", *Bulletin des Études Portugaises et Brésiliennes*, 46-47, 1987; Ivo Castro e outros (Mesa Redonda), "Mudam-se os tempos e a ortografia", en *Actas do 2º Encontro da Associação Portuguesa de Linguística, Lisboa, 1986*, Lisboa, 1987, pp. 327-354. En Galicia tamén houbo algún chistoso que se ocupou do tema: José Luis Fontenla - Isaac Alonso Estraviz - Adela Figueroa, *Comentarios ao Novo Acordo Ortográfico*, Pontevedra-Braga, Irmandades da Fala da Galiza e Portugal, 1986.

74. Cf. Movemento contra o Acordo Ortográfico, *A Questão do "Acordo Ortográfico"*, Maia, Gráfica Maiadouro, 1988. Véxase tamén especialmente o libro de Castro-Leiria citado na nota anterior.

75. Cf. Magnus Bergström-Neves Reis, *Prontuário ortográfico e guia da língua portuguesa*, 2ª ed., Lisboa, Empresa Nacional de Publicidade, 1956 (a 1ª ed. non leva data). Desde a 1ª ed. ata a 11ª (de 1977) publicouse en Lisboa, Empresa Nacional de Publicidade; desde a 12ª (de 1979) en diante apareceu en Lisboa, na Editorial Notícias. Importante é que na 18ª ed. (de 1987) e na 19ª (de 1988) a obra inclúe como Apéndice o texto integral do Proxecto de Acordo Ortográfico de 1986; na 20ª (de 1989) e na 21ª (de 1990) inclúe o texto integral e introducción ó Anteproxecto de Bases da ortografía unificada da lingua portuguesa de 1988; na 22ª (de 1991) e seguintes inclúe o texto integral e nota explicativa do Acordo Ortográfico da lingua portuguesa (1990); a edición 31ª é de 1997. Cf. dos mesmos *Prontuário ortográfico e guia da língua portuguesa*. Edición especial, Lisboa, Ed. Notícias, 1988.

76. Cf. *Acordo Ortográfico da Língua Portuguesa: Resolução da Assembleia da República nº 26/91, de 23 de Agosto*, Lisboa, Ministério da Defesa Nacional, D. L., 1991; *Acordo Ortográfico da Língua Portuguesa: Decreto do Presidente da República nº 43/91, de 23 de Agosto*, Lisboa, Imprensa Nacional-Casa da Moeda, 1991; id., en *Diário da República*, I Série-A nº 193 (23-8-1991), pp. 4370-4388.

diferencias gráficas entre as dúas comunidades, cousa que ten levado a situacións estrañas, como cando Celso Cunha e Luís F. Lindley Cintra fixeron a súa *Gramática* en 1984⁷⁷, pois tiveron que facer unha versión para Portugal e outra diferente para o Brasil.

Se en Portugal e no Brasil non se puxeron de acordo en tantos séculos, non ten nada de estraño que en Galicia haxa diverxencias cando levamos tan poucos anos loitando por unha normativa funcional. Pero amola abondo tanta heterodoxia, sobre todo cando vemos que a situación da lingua empeora de día en día.

Eu agora que vou entrando en anos xa me vou retirando dos barullos, porque o meu entusiasmo dos anos mozos foi decaendo e a miña situación actual non é precisamente de optimismo.

O mundo actual avanza con pasos de xigante e vai aniquilando irremediabilmente o que durante séculos existiu con poderío. Cando eu empecei a traballar en Dialectoloxía no ano 1960, estaba cheo de pulo. Daquela percorrín toda a Amaña e os lugares próximos desde Dodro ata Negreira e fun vendo como florecían os elementos campesiños: o xugo, o arado, o muíño, o forno, o carro e tantas cousas. En cada casa había un forno e un xugo e un arado e un carro e outros moitos aparellos, en cada río ou regacho fíanse sumando os muíños. Hoxe nas zonas que coñezo os muíños están abandonados e derrubados, os fornos sen función porque xa non se coce o pan de millo, o carro xa non se escoita polas corredeiras porque xa van desaparecendo tamén as corredeiras e o arado romano desapareceu comesto pola traza. O panorama da cultura tradicional popular é desolador e non pensen que eu son un anticuado ou que estou en contra do progreso, o que lamento é que esta nosa cultura tradicional desapareza e con ela un léxico irrepetible, porque para nós esa cultura popular foi da máxima transcendencia, se temos en conta que foi o pobo campesiño o que nos conservou a lingua ó longo dos séculos. Agora esta conservación corre perigo. Cando eu volvo á miña aldea de Eirapedriña, cústame traballo recoñecela e inclusive entrou o castelán na casa onde nacín e me criei; cando paso por Bertamiráns xa non sei que significa aquel disparate en que se converteu, e en Roxos, onde sempre se deron de máis finos, xa me chega demasiadas veces ese arrepicante castelán macarrónico dos que se pasaron á outra lingua para que se manteña o bilingüismo harmónico.

O uso do galego diminúe e as forzas vivas vannos dominando. Facía falla un aguilloamento e unha potenciación maior do idioma, que non houbera tanta farsa.

77. *Nova Gramática do Português Contemporâneo*, Lisboa, João Sá da Costa, 1984; 12ª ed., 1996.

A escola non consegue os efectos desexados. É certo que se aprende galego e os rapaces son capaces de falalo, pero ó final a lingua de imposición é o castelán e non a nosa. Habería que buscar unha inmersión e que os mozos soubesen fala-las dúas, mais que a súa lingua de comunicación fose o galego. Non o imos conseguir, porque a maior parte dos mestres están instalados no castelán e desprezan o galego. O mesmo pasa nos institutos e nas universidades. Eu noto un retroceso, noto como se pasaron ó castelán persoas que coa chegada da democracia se expresaban en galego, noto como renegan da lingua persoas que a falan perfectamente por non teren conciencia dunha Galicia diferencial cun idioma de seu, aínda que algunhas se aproveitan todo o que poden dela.

¿E que pensar da xustiza, da administración ou da política? Non resulta aleccionador ver como a maior parte dos que nos xulgan son inimigos da lingua ou como os políticos fan uso do galego litúrxico perante o micro ou cando están no Parlamento e logo no uso común só utilizan exclusivamente o castelán.

¿E que dicir da prensa e da radio ou da televisión? É inaudito que, sendo maioría os galegofalantes, as radios dependan todas de Madrid e teñamos que apandar tódolos días co bombardeo centralista en castelán, cun nacionalismo centralista a ultranza que non se priva de utiliza-las peores palabras descalificadoras contra os nacionalistas periféricos e contra os tímidos intentos de potenciación das outras linguas. E se se crea algunha radio en Galicia non se pensa no galego, pénsase unicamente na lingua allea. Non se comprende. Como tampouco se comprende que os periódicos sexan tan contrarios ó galego, que as autoridades lles consintan considerar como cuota de uso do galego a propaganda institucional e que só teñan interese en obter colaboracións de intelectuais galegos, que desta maneira colaboran graciosamente a que estes medios alleos a nós acaden máis subvencións polo suposto uso da lingua.

Menos aínda se entende a postura da Igrexa Católica galega, que adopta unha actitude inaudita e nada cristiá, sendo como foi a Igrexa nun principio un símbolo da renovación cultural e lingüística, tratando de achegarse ó pobo a través da palabra. Permítanme que me deteña un pouco en lembra-la contribución da Igrexa ó desenvolvemento de moitas linguas ó longo dos séculos para pór en evidencia a negligencia da nosa⁷⁸.

A linguaxe eclesiástica xogou un papel moi importante na configuración do latín falado e hai mesmo autores que consideran dunha maneira un

78. Cf. Wolfgang Dahmen et al., *Die romanischen Sprachen und die Kirchen. Romanistisches Kolloquium III*, Tübingen, Narr, 1990.

tanto esaxerada que o latín dos cristiáns constituía unha lingua especial, como é o caso de Joseph Schrijnen e os seus discípulos, especialmente Christine Mohrmann⁷⁹, e outros autores⁸⁰, chegándose a dicir que os primeiros cristiáns se transformaron case nunha sociedade secreta, cunha visión nova que cambiou todo o seu mundo e que os levou a facer unha vida de comunidade moi intensa e organizada, repudiando o paganismo tradicional e tódalas súas obras e pechándose sobre si mesmos debido ás persecucións. Todo isto condicionaba a súa lingua, que podía resultar en grande medida incomprendible para os estraños⁸¹. A nova doutrina chega primeiramente ás xentes de inferior categoría, ó pobo baixo, ós barrios onde vivían os pobres, os humildes, os escravos, as persoas que chegaran a Roma para mellorar social e economicamente. Unha relixión que prometía o reino de Deus ós pobres, que ía en contra da orde establecida, non gañaba precisamente adeptos entre as clases superiores e dominantes, tñño que facer entre a xente oprimida e inferior. Por iso os responsables da Igrexa usaban unha lingua popular, a máis próxima á lingua falada polas camadas inferiores, eliminando as complicacións da lingua literaria latina. Isto fixo que o cristianismo remodelase a lingua e influíse na súa evolución posterior. Por outra banda, ó mesmo tempo que se predica nun latín popular, tamén se fan traducións, máis ou menos fragmentarias, de textos gregos a partir do século II. Trátase das traducións máis antigas da *Biblia*, que se coñecen co nome de *Itala*⁸² ou *Vetus Latina*. O importante é que para estas traducións bótase man da lingua popular e non existe unha preocupación especial por utilizar unha lingua culta e requintada. Por esta razón úsanse as preposicións en lugar dos casos, ás veces mal interpretados, créanse moitas palabras novas, empeza a eliminarse o neutro, hai cambios na conjugación, auméntase enormemente o uso dos demostrativos con substantivos, aparecen vulgarismos, preséntase unha orde lineal na frase, etc. Ade-

79. Cf. Joseph Schrijnen, *Charakteristik des Altchristlichen Latein*, Nijmegen, Dekker & Van de Vegt, 1932, e *I caratteri del latino cristiano antico. Con un'appendice di Christine Mohrmann, Doppo quarant'anni*. A cura di Silvano Boscherini, Bologna, Pàtron, 1977 (2ª ed., 1981; 3ª ed. aggiorn., 1986); Christine Mohrmann, *Latin vulgaire, Latin des chrétiens, Latin médiéval*, Paris, Klincksieck, 1955; id., *Études sur le latin des chrétiens. Tome I: Le latin des chrétiens*, Roma, Edizioni di Storia e Letteratura, 1961; tome II: *Latin chrétien et médiéval*, id., 1961; tome III: *Latin chrétien et liturgique*, id., 1965; tome IV: *Latin chrétien et latin médiéval. En Appendice: Jos. Schrijnen, Charakteristik des Altchristlichen Latein*, id., 1977.

80. Por ex., Albert Blaise, *Manuel du latin chrétien*, Strasbourg, Le Latin Chrétien, 1955.

81. Cf. L. R. Palmer, *Introducción al latín*, Barcelona, Ed. Ariel, 1984, pp. 184-207 (esp. p. 186).

82. Cf. Hermann Rönisch, *Itala und Vulgata. Das Sprachidiom der urchristlichen Itala und katholischen Vulgata unter Berücksichtigung der römischen Volkssprache*, Marburg / Leipzig, Elwert, 1869.

mais destas características que remodelan o latín dentro da propia lingua, ó seren traducións do grego, introducen moitos calcos semánticos e contribúen poderosamente á incorporación ó latín de moitísimas palabras gregas que expresan conceptos novos ou descoñecidos. Así, aparecen *anathema*, *angelus*, *apostata*, *baptizare*, *cathecumenus*, *clerus*, *diaconus*, *ecclesia*, *episcopus*, *presbyter*, etc., etc. Moito máis tarde, xa a finais do século IV, o escritor Xerónimo traduciu a *Vulgata* por encargo do papa Dámaso I, nunha lingua moito máis coidada, pero nin el nin outros autores deixaron de utilizar unha lingua próxima ó pobo, por moito que buscasen máis ou menos perfección nos seus escritos, como nos lembra Agostiño: “Melius est reprehendant nos grammatici quam non intelligant populi” (*Enarr. in psalm.* 138, 20) ou “melius in barbarismo nostro vos intellegitis quam in nostra disertitudine vos deserti eritis” (*Serm.* 3, 6)⁸³.

Pero non se pense que isto só pasou en Roma, pois os textos bíblicos, asociados ó cristianismo e a distintas posturas relixiosas, tamén foron fundamentais para outras moitas linguas.

En primeiro lugar debemos indica-la a importancia extraordinaria que representaron para as linguas xermánicas. Wúlfila (Úlfilas en grego ou Don Gilfos na nosa *Crónica Xeral Galega*⁸⁴), que viviu no século IV (ca. 311-383), foi misioneiro dos visigodos e fundador do cristianismo xermánico-arriano. Sendo novo, fíxose cristián e foi nomeado bispo no ano 341 por Eusebio de Nicomedia (acérrimo defensor do arrianismo). Wúlfila ensinou a doutrina semi-arriánica durante sete anos entre os godos asentados alén do Danubio e despois durante trinta e tres anos foi xefe espiritual dos godos establecidos nos Balcáns. O importante para o que estou a dicir é que Wúlfila comezou arredor do ano 369 a traduci-la *Biblia* á súa lingua e que este texto fundamental é o documento lingüístico máis antigo e máis importante que posuímos das linguas xermánicas. Hoxe dispomos dunha parte desta tradución de Wúlfila (cos catro evanxeos) no chamado *Codex*

83. Cf. Gustav Koffmane, *Geschichte des Kirchenlateins. Entstehung und Entwicklung des Kirchenlateins bis auf Augustinus-Hieronymus*, Hildesheim, Georg Olms Verlagsbuchhandlung, 1966 (reproducción da ed. de Breslau, 1879-1881); Karl Vossler, *Einführung ins Vulgärlatein* herausgegeben und bearbeitet von Helmut Schmeck, München, Max Hueber Verlag, 1954, pp. 58-60; Veikko Väänänen, *Introducción al latín vulgar*, Madrid, Gredos, 1971, pp. 45-46; *Introduction au latin vulgaire*, Paris, Klincksieck, 1963, pp. 17-18; Luigi Leone, *Latinità cristiana. Introduzione allo studio del latino cristiano*, Lecce, Edizioni Milella, 1971; Vincenzo Loi, *Origini e caratteristiche della latinità cristiana*, Roma, Accademia Nazionale dei Lincei [Supplem. I de *Bollettino del Comitato per la preparazione dell'edizione nazionale dei classici greci e latini*], 1978; Olegario García de la Fuente, *Introducción al latín bíblico y cristiano*, Madrid, Ediciones Clásicas, 1990.

84. R. Lorenzo, *La traducción gallega de la Crónica General y de la Crónica de Castilla*, vol. I, Orense, Instituto de Estudios Orensanos “Padre Feijoo”, 1975, p. 467.14.

argenteus, un manuscrito do século VI conservado na Biblioteca da Universidade de Uppsala⁸⁵ que, curiosamente, non está escrito na lingua dos visigodos, senón na dos ostrogodos. Wúlfila inventou para a súa tradución a escritura gótica, en parte seguindo os caracteres rúnicos, e esta escritura, segundo as Crónicas peninsulares, durou na Península Ibérica ata o reinado de Afonso VI, quen no ano 1079 mandou “que de allí adelante todos los escriuanos de fazer la letra toledana, la que don Gúlfidas, obispo de los godos, falló primeramente et fizo las figuras de las letras del su a. b. c., que dexassen estas et usassen de las letras dell a. b. c. en las escrituras et dell officio de Francia”⁸⁶. Véxase como se refire a Wúlfila a *Crónica Xeral de 1404*, nunha das partes escritas en castelán:

Et entón lles demostró vn obispo a que desían Góndila la leye et Nuevo Testamento de Nuestro Saluador Ihesu Cristo et trasladóles en su lingagen la leye del Viejo et Nuevo Testamento, que los godos fasta allí creyán las vanidades de los ydolos et fasían sacrificio a los dioses de los gentiles. Et entón rreçibieron la fie et fezieron yglesias et ovieron clérigos ordenados de misa [e] das otras órdenes por sus letras apertadas que lles fies aquel obispo Góndila. Et estas letras son las que agora avn fallan en España en las iglesias en los libros antigos. Et algunos lles dizen letras griegas et ellas non lo son, ante son llamadas letras góticas. Et en las estorias antigas d’España llámanlles a estas letras toledanas⁸⁷.

En segundo lugar hai que facer referencia a linguas como o copto ou o armenio. O copto, continuador do antigo exipcio, puido manterse desde o século III ó V con traducións de libros bíblicos, evanxeos apócrifos, vidas de santos e escritos gnósticos. Pola súa banda, o armenio antigo débelle o inicio da súa escrita a Mesrop Maštots, antigo chanceler do rei armenio Verham Šapuh, que se converteu ó cristianismo, creou o alfabeto armenio no ano 404 e traduciu xuntamente con Sahak III a *Biblia* nesta lingua, poñendo así as bases dunha florecente literatura⁸⁸.

85. Cf. Wilhelm Streitberg, *Die gotische Bibel*, Heidelberg, C. Winter, 1919-1928; nova edición, 1965.

86. Ramón Menéndez Pidal, *Primera Crónica General de España que mandó componer Alfonso el Sabio y se continuaba bajo Sancho IV en 1289*, Madrid, Gredos 1955 (reimpresión, 1977), vol. II, p. 547a, cap. 876. Cf. “et mandaron aos scripuães que non fezessem létera toledana, ca don Gilfos, arçebispo dos godos, fezo enno Abeçe suas feuras das léteras, et que husasem das léteras do Abeçe romano” (R. Lorenzo, *La traducción*, I, p. 467).

87. Manuscrito B. 2278 da *Hispanic Society of America* de New York, fol. 45v (algo distinto na *Primera Crónica General*, I, p. 227b, cap. 403).

88. Hiranth Thorossian, *Histoire de la littérature arménienne, des origines jusqu’à nos jours*, Paris, H. Thorossian, 1951; *Histoire de l’Arménie et du peuple arménien depuis les temps les plus reculés jusqu’à nos jours, suivie de lectures historiques*, Paris, 1957.

En terceiro lugar convén ter moi presente que, se os textos relixiosos foron fundamentais para os godos, tamén tiveron séculos despois unha importancia capital para as linguas eslavas con Cirilo e Metodio. Cirilo (Kyrillos), de orixe grega e natural de Salónica, foi eclesiástico e filósofo. No ano 863, xuntamente co seu irmán Metodio, atendeu a petición do príncipe Rostilaw e marchou ó reino de Moravia. Alí Cirilo traduciu varios textos relixiosos gregos ó eslavo, tal como se falaba na zona de Macedonia, na área de Salónica. Estas traducións da *Biblia* e de textos litúrxicos foron as que se utilizaron para a evanxelización do pobo eslavo desde Bizancio. Ademais, Cirilo inventou unha nova modalidade de escritura, o chamado alfabeto glagolítico, que foi reformado no século seguinte e se chamou alfabeto *cirílico* en honra do seu nome. Pola súa banda, Metodio, que foi arcebispo de Panonia e Moravia, tamén traduciu textos relixiosos e os seus discípulos expulsados contribuíron ó desenvolvemento da literatura eslava e da lingua eclesiástica, especialmente en Bulgaria e entre os eslavos orientais⁸⁹.

Da importancia que tiñan estas traducións de textos bíblicos podemos darnos conta por un feito que nos conta a *Crónica Xeral de 1404*. Na época da entrada dos árabes en España,

era en Seujlla obispo don Juhán, que era outrosy moy santo ome; et chámalle os mouros aláraues per seu arávego Çaydalmantra (*PCG* Çæyēt almatran). Este don Juan era moy sábeo enna lingoagen arávega et fezo Deus por el moytos et fremosos mjragres. Et este trasladou as Santas Escripturas en arávego et fezo as desposições dellas segundo convjña aa Santa Escriptura et asy as leixou depois de ssúa morte para os que viesen depois del. Esta trasladación que este santo bispo fez trougo moy gran prol para as almas de moytos cristiãos et mouros que se tornaron a creer por rrazón do entendemento que oueron da Santa Scriptura, o qual non souberan enna lingoagen latina⁹⁰.

Pasados os séculos asistimos a unha revolución na Igrexa de grandes consecuencias para as crenzas relixiosas e para as linguas. Refírome á Re-

89. Cf. Kunibert Mohlberg, *Il messale glagolitico di Kiew*, Rom, 1928; Josef Bujnoch, *Leben und Wirken der Slavenapostel Kyrillos und Methodios*, 1938; *Zwischen Rom und Byzanz. Leben und Wirken der Slavenapostel Kyrillos und Methodios nach pannonischen Legenden und der Klemensvita. Bericht von der Taufe Russlands nach der Laurentiuschronik*, Graz-Wien-Köln, Verlag Styria, 1972.

90. Manuscrito B. 2278 da *Hispanic Society of America* de New York, fol. 105r (a primeira parte do texto está tamén na *Primera Crónica General*, II, p. 326a, cap. 571). Cf. "e era esso meesmo em Sevylla o arcebispo dom Joham, que era outrossí homen de Deus e de muy sancta vida, e chamávanlhe os alarves por seu arávigo Cayt Almatran e era muy saibho enna lingua d'arávigo; e fez Deus por elle muy fremosos millagres. E elle tralladou as Sanctas Scripturas em arávigo e fez as desposições dellas, segundo convem aa Sancta Scriptura; e assí as leixou despois, aa súa morte, pera os que depois veessem" (Luís F. Lindley Cintra, *Crónica Geral de Espanha de 1344*, vol. II, Lisboa, Academia Portuguesa da História, 1954, p. 387).

forma do século XVI, á que se opuxeron con toda a forza as autoridades eclesiásticas. Esta Reforma, coa introducción da lingua falada nas cerimoniais relixiosas, contribuíu poderosamente á remodelación dalgunhas linguas e ó rexurdimento doutras. O punto de partida está, naturalmente, en Lutero e na súa visión modernizadora das estruturas eclesiásticas. Martin Luther (1483-1546)⁹¹, doutor en Teoloxía en 1512, foi o grande renovador da lingua alemana, que utilizou primeiramente na súa cátedra e despois nos seus escritos. Entre os anos 1513-1518 teñen lugar as súas famosas leccións sobre os Salmos, as epístolas ós romanos, ós galateos e ós hebreos (*Römerbrief*, *Galaterbrief* e *Hebräerbrief*), as 95 teses de 1517, os sermóns e as disputas. En 1520 presenta máis de trinta traballos, entre eles os tres escritos principais da reforma (*An den christlichen Adel teutscher Nation* [Á nobreza cristiá da nación alemana], *Von der babylonischen Gefangenschaft der Kirche* [Sobre a catividade babilónica da Igrexa] e *Von der Freiheit eines Christenmenschen* [Da liberdade dos cristiáns]) e nos anos seguintes seguirá alternando escritos e prédicas sobre diferentes temas. Entre maio de 1521 e inicios de 1522 fixo a tradución do *Novo Testamento*, publicado en 1522. Despois seguiu coas traducións e en 1523-1524 presentou as tres primeiras partes do *Antigo Testamento*, en 1524 o libro de *Cantos litúrxicos* (*Gesangbüchlein*), en 1525 a *Misa Alemana*, en 1529 o *Catecismo Grande* e o *Catecismo Pequeno* e, por fin, en 1534 aparece en Wittenberg a edición completa da *Biblia*⁹².

É certo que antes de Lutero xa se fixeran traducións da Biblia, pois desde 1466 coñécense catorce traducións ó alto alemán e desde 1480 ó baixo alemán, pero eran traducións feitas sobre a *Vulgata* latina e non sobre os textos gregos e hebreos. Lutero traballa a lingua coa intención de que chegue a tódolos falantes e de que sexa comprensible en todo o territorio. Desta maneira inflúe enormemente no desenvolvemento do alemán

91. Cf., por exemplo, Max Wehrli, *Geschichte der deutschen Literatur vom frühen Mittelalter bis zum Ende des 16. Jahrhunderts*, t. I, Stuttgart, Philipp Reclam Jun., 1980, pp. 969-1011; Joachim G. Boeckh, Günter Albrecht, Kurt Böttcher, Klaus Gysi, Paul Günter Krohn, *Geschichte der deutschen Literatur von 1480 bis 1600*, Berlin, Volk und Wissen. Volkseigener Verlag, 1983, pp. 241-303, caps. 258-281 (vol. IV de *Geschichte der deutschen Literatur von den Anfängen bis zur Gegenwart*, hg. von Kl. Gysi, K. Böttcher, G. Albrecht, P. G. Krohn); Stephan Füssel, "Luther und die <Biblia Deutsch>", en Horst Albert Glaser (ed.), *Deutsche Literatur. Eine Sozialgeschichte*. Vol. II: *Von der Handschrift zum Buchdruck: Spätmittelalter - Reformation - Humanismus, 1320-1572*, Reinbeck bei Hamburg, Rowohlt Taschenbuch Verlag, 1991, pp. 329-342; *Geschichte der Deutschen Sprache*, 5ª ed., Berlin, Volk und Wissen. Volkseigener Verlag, 1984, pp. 104-110; *Brockhaus Enzyklopädie in zwanzig Bänden*, 7ª ed., Vol. XI, Wiesbaden, Brockhaus, 1970, 706b-712a.

92. *Biblia / das ist / die ganze heilige Schrift Deusch*. Mart. Luth. Wittemberg. Begnadet mit Kurfürstlicher zu Sachsen freiheit. Gedruckt durch Hans Lufft. M. D. XXXIII.

e convérteo nunha moderna lingua de cultura. Coas traducións da *Biblia* e dos outros textos litúrxicos témo-lo punto de inflexión entre o alemán medieval e o moderno e a creación dunha lingua nacional.

A influencia de Lutero non quedou circunscrita á Alemaña, pois o luteranismo, xuntamente co calvinismo, contribuíu ó rexurdimento doutras linguas e serviu de acicate á Igrexa Católica, que tarde e mal reaccionou timidamente no Concilio de Trento. Lembremos algúns casos en que a Reforma foi primordial para o desenvolvemento dalgunhas linguas, empezando polo retorrománico. A Reforma de Lutero chegou axiña a Suíza e xogou un papel fundamental para a reactivación da lingua romance. O retorrománico quedara durante a Idade Media e ata o século XVI como lingua falada e aínda en 1538 dicía G. Tschudi que "man Churwelsch nit schryben kan"⁹³, nunha época en que xa comezaba a escribir Gian Travers (1483-1563). Este autor e outros escritores da Reforma, seguidos despois polos católicos, danlle importancia á lingua e escriben textos de carácter relixioso. Travers escribiu unha *Chianzun dalla guerra dalg Chiastè da Müsch* en alto-engadino (de 1527) e despois dramas con temas bíblicos: un Xosé en Exipto, de 1534 (*La Histoargia dalg bio Patriarch Joseph*), un Fillo perdido (*La Histoargia dalg filg pertz*) e un Xosé cómico (*La chianzun da Joseph lg' filg da Jacob*)⁹⁴. En 1537 Phillip Gallizius traduciu o primeiro salmo e tamén se coñecen cantos relixiosos de Chasper Chiampel.

Máis importancia tivo Jachiam Bifrun (nacido en 1506), que escribiu en engadino e se converteu nun dos máis acérrimos defensores da Reforma luterana. Bifrun foi o que primeiro traduciu o *Novo Testamento* ó engadino e o primeiro que utilizou a imprenta, polo que se pode dicir que con el empeza a literatura retorrománica. O primeiro texto que preparou foi un *Catecismo* para explica-la nova doutrina, traducido do alemán e publicado en 1552 (2ª ed. 1571)⁹⁵. Despois en 1560 (2ª ed., 1607) publicou a tradución do *Novo Testamento*⁹⁶, cos catro evanxeos, seguindo a versión

93. Eduard Böhm, "Verzeichnis rätoromanischer Litteratur", *Romanische Studien*. Band VI, Bonn, 1885, p. 109.

94. Theodor Gartner, *Handbuch der Rätoromanischen Sprache und Literatur*, Halle, Niemeyer, 1910, pp. 279-283.

95. Na 2ª edición titúlase *Vna cvorta et christiavna fuorma da intraguider la giuventina & par tg prüm ... cugniosche Deus...*

96. *L'g Nuof Sainc Testamaint da nos Signer IESV CHRISTI, Prais our delg Latin & our d'oters languax & huossa da naf mis in Arunaunsch trës Jachiam Bifrun d'Agredina...*, Schquitscho ilg an M. D. LX (*L'g Novf Sænych Testamaint da nos Segner Iesv Christi, Prais our delg Latin & our d'oters languaigs & huossa da naf mis in Arumaunsch træs Jachiam Bifrun d'Agredina...*, Schquitscho huossa d' noef, in Puschläeff, træs Dolfin & Dolfin Landolds, in l'g an. 1607). Cf. Maria H. J. Fermin, *Le*

latina de Erasmo de Rotterdam e usando a traducción de Lutero e unha traducción protestante italiana. Bifrun tratou de crear unha lingua literaria baseada na lingua popular, pasando polas dificultades que lle representaba a falta de libros e documentos nos que inspirarse⁹⁷, pero no prefacio á súa edición defende a súa postura a prol da lingua contra aqueles que o podían acusar de usar unha lingua sen tradición literaria e contra os contemporáneos que pensaban “che nu saia pussibel da scriuer indret l’g arumaunsth”. Para el non se pode admitir isto cando é posible escribir noutras linguas máis difíciles coma o francés ou o alemán (Gartner, 1910, pp. 283-292; Fermin, 1954, pp. 7-15).

Tamén ten moita importancia Durich Chiampel, metido de cheo na Reforma, que chegou a ser predicador e crego e fixo unha traducción dos *Salmos* (*Un cudesch da Psalms*), publicada en 1562 en baixo-engadino (nova ed. en 1606; Gartner, 1910, pp. 292-298). Despois apareceron outras obras: en 1582 o *Catecismo* de Joannem Plantam, en 1601 o *Catecismo* de Daniel Bonifaci (*Catechismus, curt mussameint dels principals punctgs della christianeivla Religiun*), en 1611 un *Catecismo* católico de Gion Antoni Calvenzano⁹⁸, en 1625 obras relixiosas de Steffan Gabriel, etc. As obras relixiosas continuaron posteriormente⁹⁹.

Outra influencia transcendental produciuse en Romanía. A historia deste país estivo chea de dificultades e sometementos e a lingua pasou por momentos moi difíciles, dominada polo maior esplendor do mundo greco-eslavo. No Oriente a lingua da administración foi nun principio o grego e despois, coa creación dos dominios eslavos, as linguas da administración e da Igrexa pasaron a se-lo eslavo antigo (tamén chamado paleoeslavo ou antigo eslavo eclesiástico) e o búlgaro medio. Romanía quedou baixo o dominio eslavo-búlgaro e húngaro e a influencia do eslavo antigo está presente desde o século VII ou, ó máis tardar, desde o VIII en diante. A igrexa eslava substituíu o grego polo paleoeslavo desde o século IX e a igrexa búlgara declarouse autocéfala no ano 891, dependendo dela a igrexa ro-

vocabulaire de Bifrun dans sa traduction des quatre Evangiles, Amsterdam, L. J. Veen's Uitgevers Mij. N. V., 1954; Th. Gartner, *Das Neue Testament: erste rätoromanische Übersetzung von Jakob Bifrun, 1560*, Dresden, Gesellschaft für romanische Literatur, 1913.

97. “Eau nun hae pudieu havair ungiüns eudesths ne chiertas chi saien stos stampôs ne scrits aquidavaunt in nos languaick” (Gartner, 1913, p. 14; Fermin, 1954, p. 10).

98. *Ilg Vêr Sulaz da pievel giuvan...*, Schquitschau á Basel, en la casa da Ioan Iacob Genath, MDCXI.

99. Cf. Gartner, 1910, pp. 299-310 e ss.; Günter Holtus, “Bündnerromanisch: Externe Sprachgeschichte”, en G. Holtus, M. Metzeltin, Chr. Schmitt, *Lexikon der Romanistischen Linguistik*, vol. III, Tübingen, Niemeyer, 1989, pp. 857-860.

manesa. No século XIV Valaquia e Moldavia fanse independentes, pero os mosteiros daquela época estaban metidos de cheo na cultura greco-eslava e os textos escritos nesas dúas zonas usan como lingua o búlgaro medio, se ben podemos ver neles topónimos, nomes de persoa ou outros vocábulos romaneses.

Polo tanto a chancelería e a Igrexa impiden ó romanés aparecer como lingua escrita durante séculos, pero tamén foi a Igrexa, aínda que neste caso a luterana, a que fixo que no século XVI emerxese coma lingua de cultura. En 1521 temos unha carta do boiardo Neacșus din Cîmpulung dirixida a un xuíz de Brașov, escrita en caracteres cirílicos, pero son máis interesantes catro textos relixiosos manuscritos da metade do século XVI. Un deles é o chamado *Codicele Voronețean*¹⁰⁰, atopado no mosteiro de Voroneț (Bucovina), que está incompleto e contén o final dos Evanxeos e grande parte dos *Actos dos Apóstolos*; os outros tres conteñen Salteiros: o chamado *Psaltirea Scheiană*¹⁰¹, traducción en prosa dos Salmos de David, e os coñecidos como *Psaltirea Voronețeană* e *Psaltirea Hurmuzachi*¹⁰², tamén con salmos. A maior parte dos estudiosos romaneses admiten a hipótese de Nicolae Iorga¹⁰³ de que son copias de textos da segunda metade do século XV, mandados traducir polos seguidores da herexía husita, que preconizaba o uso da lingua do pobo; pero Ov. Densusianu¹⁰⁴ e A. Rosetti¹⁰⁵ consideran, e outros con eles, que as traducións rotatizantes destes libros relixiosos non son anteriores á primeira metade do século XVI e que se deben á influencia da Reforma luterana, que se difundiu rapidamente por Transilvania.

O primeiro texto impreso foi un catecismo publicado en Sibiu en 1544 (hoxe perdido), que trataba de difundir a reforma protestante, e outro catecismo publicado en Brașov en 1559, tamén de tendencia protestante. Despois veñen xa outros impresos cos Evanxeos neste mesmo século e con tra-

100. *Codicele Voronețean*. Ediție critică, studiu filologic și studiu lingvistic de Mariana Costinescu, București, Ed. Minerva, 1982.

101. I.-A. Candrea, *Psaltirea Scheiană comparată cu celelalte psaltirii din sec. XVI și XVII, traduse din slavonește*. Ed. critică, I: Introducere; II: Textul și glosarele, București, Socec, 1916.

102. Cf. Al. Rosetti, *Istoria limbii române*. I. *De la origini până la începutul secolului al XVII-lea*, București, Editura Științifică și Enciclopedică, 1986, pp. 753-761.

103. *Istoria literaturii religioase a românilor până la 1688*, București, 1904, pp. XIX-XX; despois chamada *Istoria literaturii românești*, 2ª ed., vol. I, București, Suru, 1925, pp. 103-110.

104. Ovid Densusianu, *Histoire de la langue roumaine*, vol. I, Paris, Leroux, 1901; vol. II: *Le seizième siècle*, fasc. 1, 1914; fasc. 2, 1932; fasc. 3, 1938 (vol. II, p. 3 e ss.); *Istoria limbii române*, București, Editura Științifică, 1961.

duccións moi importantes no século XVII, coma a *Biblia* de Bucarest (de 1688), tamén chamada de Șerban Cantacuzino.

Ademais de todo isto, foron os calvinistas os primeiros que abandonaron os caracteres cirílicos e usaron a grafía latina nun libro de cantos relixiosos publicado en Transilvania polo ano 1570, aínda que non tiveron éxito, pois ninguén máis utilizou esta grafía ata o século XIX, época en que se impuxo a grafía actual¹⁰⁶.

Se pasamos a outros países europeos, podemos segui-la traxectoria que seguiu a Reforma e a secuela que deixou en diferentes linguas. É o caso de Dinamarca. Neste país xa atopamos libros impresos na última parte do século XV, pero, igual que pasou en Alemaña, a Reforma luterana e a tradución da *Biblia* ó dinamarqués foron moi importantes para o desenvolvemento posterior da lingua. Os primeiros libros impresos desta época débense a alemáns, que fixeron traducións de textos alemáns, coma o *Novo Testamento* de 1524. Outro texto que depende moito da *Biblia* de Lutero é a tradución completa da *Biblia* feita por C. Pedersen (*Christians-III-Bibel*, 1550)¹⁰⁷.

Máis ó norte, en Suecia son importantes dous discípulos de Lutero, os irmáns Laurentius Petri e Olaus Petri. Laurentius foi o primeiro arcebispo protestante e dirixiu a tradución da *Biblia* (*Gustav Vasas bibel*, 1541). Olaus Petri escribiu un *Libro de coro* (1526) e tamén se lle atribúe o drama bíblico *Tobie comedia* (1550)¹⁰⁸.

Despois chegou a Reforma a Islandia, onde deu lugar a unha serie de obras de carácter relixioso-teolóxico, entre elas a tradución do *Novo Testamento* por Oddur Gottskálksson en 1540 e a tradución da *Biblia* completa por Guðbrandur Þorláksson en 1584, obra fundamental para o desenvolvemento da lingua islandesa¹⁰⁹.

Nos pequenos países bálticos a historia é bastante semellante. En Lituania a literatura medieval só se coñecía por tradición oral, pero coa Reforma luterana chega a consolidación da lingua escrita, sendo os primeiros

105. *Op. cit.*, pp. 665-681.

106. Cf. Carlo Tagliavini, *Le origini delle lingue neolatine. Introduzione alla Filologia Romanza*, 6ª ed., Bologna, Casa Editrice Prof. Riccardo Pàtron, 1972, pp. 537-548, 569-573; Gheorghe Ivănescu, *Istoria limbii române*, Iași, Editura Junimea, 1980, p. 559 e ss.

107. Cf. Phillip Marshall Mitchell, *A history of Danish literature*, Copenhagen, Gyldendal, 1957 (New York, Kraus-Thomson Organisation, 1971).

108. Cf. Alrik Gustafson, *A history of Swedish literature*, Minneapolis, American-Scandinavian Foundation, University of Minnesota Press, 1961.

textos impresos en lituano de carácter relixioso, todos eles coas ideas derivadas de Lutero: en 1547 aparece o *Catecismo* (nova edición de G. Gerullis, Mosvid, 1923), en 1566 e 1570 os *Giesmes Chriksczoniskas* (*Cantos cristiáns*) de M. Mažvydas e en 1591 o *Devocionario* evanxélico de J. Bretkūnas. Xa en 1599 aparece o *Devocionario* católico de M. Daukša (nova ed., Kaunas, 1926). En Letonia e Estonia tamén había na Idade Media textos transmitidos por tradición oral e a Reforma fixo que se publicasen por primeira vez libros relixiosos en letón e estoniano. Os primeiros libros impresos en letón son o pequeno *Catecismo* luterano (Königsberg, 1586) e o *Catecismo* católico de Canisius (Wilna, 1585). Despois deles algúns relixiosos alemáns publicaron diferentes escritos relixiosos. En estoniano a literatura escrita comeza no século XVI e ten un carácter relixioso ata o século XVIII, sendo o primeiro libro publicado do ano 1535¹¹⁰.

Fronte a todos estes casos, e outros que se podían engadir, de influencia positiva, a Reforma puido influír negativamente, coma en Noruega, que desde 1387 estaba unida a Dinamarca. Coa Reforma o dinamarqués penetra sobre todo nas cidades e fai que o noruegués quede perdido polas aldeas e fragmentado en dialectos, aínda que xa na segunda parte do século XVI empeza a haber conciencia nacionalista, coma no libro *Om Noriges rige* de A. Peterssøn Beyer (1567), que canta á Noruega antiga e desexa un renacemento cultural, que terá lugar sobre todo no século XVIII.

Xunto á Reforma témo-la Contrarreforma, tan negativa na Península. Como consecuencia da doutrina de Lutero, a Igrexa Católica celebrou o Concilio de Trento e nel fixéronse algunhas concesións ás linguas vulgares. Así, en setembro de 1562 promulgouse que nas misas dos domingos e dos días feriados se predicase na lingua do pobo. Despois, en novembro de 1563, no capítulo VII do *Decretum de reformatioe*, mandouse “a tódolos bispos que non só eles nos actos litúrxicos expliquen o senso do que se fai e di en forma que a xente o entenda, senón que tamén coiden de que o fagan os párrocos incluso na lingua vernácula, se é preciso e se se pode facer sen dificultade. Os bispos terán tamén que ve-la maneira de que se fagan e expoñan ó público traducións da Doutrina e que esta se explique nas misas dos domingos e días santos na lingua vernácula e que a fagan chegar ó corazón de todos, sen complicarse con cuestións inútiles, e que así formen os fieis na lei do Señor”¹¹¹.

109. Cf. Stefan Einarsson, *A history of Icelandic literature*, New York, American-Scandinavian Foundation, Johns Hopkins Press, 1957.

110. Cf. J. Maucière, *Littérature lithuannienne*, París, 1938; Antanas Vaičiulaitis, *Outline history of Lithuanian literature*, Chicago, 1942; G. Devoto, *Le Letterature dei Paesi Baltici*, Firenze, Sansoni / Milano, Accademia, 1969.

Por poñer uns exemplos, podemos indicar que, por esta razón, en Croacia se fan escritos de carácter relixioso na época da Contrarreforma e que en Eslovaquia, onde se coñecía o checo coma lingua de cultura desde o século XV e só había literatura popular oral en eslovaco, algúns relixiosos comezan a traducir textos a esta lingua no século XVI porque senten a necesidade de libros e cantos relixiosos. Xa entrando no século XVII, V. Benedikti Nedožerský traduciu salmos (1606) e J. Tranovský cantos (1636). Moitísimos anos despois, o cóengo J. I. Bajza publicou epigramas (1794), fixo unha tradución dunha parte da *Biblia* (1820) e avogou polo uso da lingua eslovaca.

Por estar máis preto de nós, refírome en último lugar ó éuscara. O primeiro libro publicado neste idioma foi *Linguae vasconum primitiae*, unha colección de poemas de Bernard Dechepare (Beñat Etxepare) que apareceu en Burdeos en 1545. Xunto a el aparecen posteriormente libros en relación coa Reforma, pois en 1571 temos unha tradución do *Novo Testamento* feita por Ioannes de Leizarraga, sacerdote calvinista protexido pola raíña de Navarra. Ademais, o Concilio de Trento foi primordial para o desenvolvemento da lingua, pois coma consecuencia del traducíuse o *Catecismo* e predicouse en éuscara. Como tiña que ser, a Igrexa vasca identificouse totalmente coa lingua do pobo, mesmo os xesuítas e os franciscanos, e apareceron nesta lingua bastantes textos relixiosos moi importantes. Por outra banda, cando o castelán comezou a presionar coma lingua da escola, o *Catecismo*, traducido a diferentes dialectos, foi o medio máis socorrido para que os meniños puidesen aprende-la súa lingua¹¹².

Aínda podemos dicir máis cousas en relación á Igrexa. España, Portugal e outros estados conquistaron o Novo Mundo destruindo as civilizacións autóctonas e facendo desaparecer moitas linguas, pero impondo a súa, porque a lingua é compañeira do Imperio, como nos lembran A. de Nebrija ou João de Barros. O primeiro en "El tercero provecho deste mi trabajo puede ser aquel que ... después que vuestra Alteza metiesse debaxo de su iugo muchos pueblos bárbaros et naciones de peregrinas lenguas, et con el vencimiento aquellos ternían necesidad de recibir las leies quel vencedor pone al vencido, et con ellas nuestra lengua, entonces, por esta mi *Arte*, podrían venir en el conocimiento della, como agora nos otros dependemos el

111. Xesús Ferro Ruibal, *A Igrexa e a lingua galega*, Santiago, Consello da Cultura Galega, 1987, pp. 28-29.

112. Luis Michelena, *Historia de la literatura vasca*, Madrid, Minotauro, 1960, p. 59; Ferro Ruibal, 1987, p. 29; Johannes Kabatek, *Die Sprecher als Linguisten. Interferenz- und Sprachwandelphä-*

arte de la gramática latina para deprender el latín"¹¹³. João de Barros con outras palabras: "Çerto é que nam á hy glória que se possa comparar a quando os mininos ethiôpas, persianos, indos d'aquém e d'além do Gange, em suas próprias terras, na força de seus templos e pagodes, onde nunca se ouviu o nome romano, per esta nossa arte aprenderem a nossa linguagem com que possam ser doutrinados em os preçeitos da nossa fé, que nella vam escritos"¹¹⁴. Outra vez témo-la relixião na compañia da lingua para someter ós pobos e impórllle-la lingua invasora e a relixião estraña. Isto pasou en América, en África, en Asia e en Oceanía. Neste caso os misioneiros non levaban o propósito de defende-la cultura e a lingua dos pobos sometidos, todo o contrario, querían impoñe-la súa, pero aínda así ese afán conquistador de terras e homes serviu en ocasións para dar a coñecer esas linguas autóctonas. Os misioneiros, como trataban de inculca-la relixião e a lingua propia ós indíxenas, tiñan que estudia-las linguas que querían destruír e por iso coñecemos hoxe diferentes gramáticas, tratados de conxugación e dictionarios bilingües de linguas exóticas, unhas conservadas hoxe e moitas delas desaparecidas. Tamén escribían *Catecismos* bilingües (que os portugueses chamaban *cartinhas*)¹¹⁵. Iso fixérono misioneiros españois, portugueses, franceses ou doutros lugares, tanto protestantes coma católicos. Por exemplo, os misioneiros da *Nouvelle France*, especialmente os xesuítas, deixaron un corpus dunha cuarentena de manuscritos de linguas amerindias, compostos entre 1660 e 1800¹¹⁶.

nomene dargestellt am Galicischen der Gegenwart, Tübingen, Max Niemeyer Verlag, 1996 [Beihefte zur ZRPh. Band 276], pp. 47-48, n. 8.

113. A. de Nebrija, *Gramática de la lengua castellana*. Edición preparada por Antonio Quilis, Madrid, Editora Nacional, 1980, pp. 101-102.

114. *Diálogo em louvor da nossa linguagem*. Lettura critica dell'edizione del 1540 con una introduzione su *La questione della lingua in Portogallo* a cura di Luciana Stegagno Picchio, Modena, Società Tipografica Editrice Modenese, 1959, p. 85. Tamén Fernão de Oliveira di: "O Estado da fortuna pode cõceder ou tirar fauor aos estudos liberaes: e esses estudos fazẽ mais durar a gloria da terra em q̄ florecem. porque Greçia e Roma so por isto ainda viuẽ: porq̄ quãdo senhoreauão o mundo mandarão a todas as gentes a elles sogeytas aprender suas linguas: e em ellas escreuião muytas bõas doutrinas e não somẽte o que entendião escreuião nellas: mas tambem trasladauam parellas todo o bo que lião em outras. E desta feyçãõ nos obrigarão a que ainda agora trabalhemos em aprender e apurar o seu esqueçendo nos do nosso não façamos assy mas tornemos sobre nos agora que he tempo e somos senhores porque melhor he que ensinemos a Guine ca que sejamos ensinados de Roma: ainda que ella agora teuera toda sua valia e preço" (*Grammatica da lingoagem portuguesa*, 1536, cap. cuarto).

115. En Portugal hai xa textos no séc. XVI: *A Cartinha em Tamul e Português*, publicada en Lisboa en 1554; Anrique Anriquez, *Doctrina Christã, a maneyra de Dialogo: feyta em Portugal pello padre Marcos Jorge da Companhia de IESU. Tresladada em lingua Malauar Tamul*, Cochim, 1579; a *Arte da Gramática da Lingua mais usada na Costa do Brasil* do P. Anchieta, publicada en Cõimbra en 1595, etc. Cf. Maria Leonor Carvalhãõ Buescu, *O estudo das línguas exóticas no século XVI*, Lisboa, Biblioteca Breve, 1983, pp. 57-75; Hans J. Vermeer, "Das Portugiesische in Süd-Asien. Probleme und Publikationen", *Aufsätze zur Portugiesischen Kulturgeschichte*, IX, 1969, 136-226.

Xunto a todo isto que acabo de dicir, aínda debemos lembrar outros feitos importantes en relación co elemento relixioso. Refírome á particularidade de que os inicios de moitas literaturas románicas están asociados ós textos relixiosos, igual que pasa con outras literaturas europeas.

Así, na literatura francesa, despois dos Xuramentos de Estrasburgo do ano 842, o texto literario máis antigo é a *Secuencia de Santa Eulalia*¹¹⁷, un poema de 29 versos composto entre os anos 880-890 no norte de Francia, nos arredores de Valenciennes, onde está o convento bieito de Saint-Amand, ó que pertenceu o códice manuscrito, e preto do mosteiro de monxas de Hasnon, a onde foron trasladados os restos da santa española no ano 878. Seguen a este outros textos de carácter relixioso, como a *Vie de Saint Léger*¹¹⁸, escrito polo ano 900, e a *Paixón de Cristo*¹¹⁹ (516 versos), escrito a finais do século X, ámbolos dous conservados nun manuscrito de finais do X ou do XI, e a *Vie de Saint Alexis*, de aproximadamente o ano 1040 (Tagliavini, 1972, pp. 481-491).

En occitano un dos primeiros textos é a parte conservada do *Boëcis* (traducción de *De consolatione philosophiae* de Boethius), da primeira metade do século XI, así como unha traducción dos capítulos 13-17 do Evanxeo de San Xoán, tamén do século XI, e dúas poesías relixiosas de entre os séculos XI-XII (Tagliavini, 1972, pp. 494-499).

En retorrománico, como única mostra escrita antes do século XVI, temos un fragmento grisonés nos inicios do XII, época en que alguén fixo unha traducción ó romance dunha homilía pseudoagostiniana do século IX escribindo entre as liñas do manuscrito latino.

En catalán o texto en prosa máis antigo, despois da traducción do *Forum Judicum*, son os fragmentos do libro das *Homilies d'Organyà*, do Alt Urgell (fins do XII-inicios do XIII). Son oito follas con sermóns que explican e comentan o evanxeo ou a epístola dos domingos "in sexagesima" e "in quinquagesima", do mércores de cinza, do primeiro domingo de

116. Cf. Marthe Faribault, "Les œuvres linguistiques des missionnaires de la Nouvelle France: intérêt pour l'histoire du français en Amérique", en R. Lorenzo, *Actas do XIX Congreso Internacional de Lingüística e Filoloxía Románicas. Universidade de Santiago de Compostela, 1989*, vol. VI, A Coruña, Fund. "Pedro Barrié de la Maza, Conde de Fenosa", 1994, pp. 813-837.

117. Cf. D'Arco Silvio Avalle, *Alle origini della letteratura francese (I Giuramenti di Strasburgo e la Sequenza di Santa Eulalia)*, Torino, Giappichelli, 1966; Gerold Hilty, "La Séquence de Sainte Eulalie et les origines de la langue littéraire française", *Vox Romanica*, 27, 1968, 4-18; "Les Serments de Strasbourg et la Séquence de Sainte Eulalie", *Vox Romanica*, 37, 1978, 126-150.

118. D'Arco Silvio Avalle, *Monumenti prefranciani (II Sermone di Valenciennes e il Saint Lethgier)*, Torino, Giappichelli, 1967; Guy de Poerck, "Le MS Clermont-Ferrand 240 (anc. 189), les «scriptoria» d'Auvergne et les origines spirituelles de la «Vie» française de Saint Léger", *Scriptorium*, 18, 1964, 11-33.

coresma e do xoves seguinte¹²⁰. Tamén están as *Vides de Sants* rosellonesas, do último cuarto do século XIII, que conteñen unha tradución da *Legenda Aurea*¹²¹. No propio castelán as *Glosas Emilianenses* conteñen unha oración en romance.

Centrándonos xa no Occidente, debemos lembrar que en Portugal os textos de carácter relixioso xogan un papel importante no desenvolvemento da lingua e coñécense numerosísimos manuscritos medievais que conteñen os máis variados temas de literatura relixiosa: vidas de santos, actos dos apóstolos, sermóns, catecismos, os dez mandamentos, evanxeos e epístolas, historias do abreviado testamento vello (tradución da *Historia Scholastica* de Pedro Comestor), feitos e paixóns dos mártires, tratados de teoloxía, constituicións sinodais, libro de horas, *Flos Sanctorum* e outros moitos¹²². Son moitos os textos que se poderían citar e, de entre eles, quero destaca-los referentes ás ordes monásticas, que tiveron moi en conta a lingua vernácula, facendo moitas traducións ó portugués. Así, da *Regra de S. Bento* consérvanse seis manuscritos (Cepeda, 1995, p. 49)¹²³ e tamén frei João Álvares fixo unha tradución¹²⁴. Coñecemos ademais o *Libro de Sinais* e o *Libro dos Usos* da Orde de Cister¹²⁵, unha *Regra de S.*

119. D'Arco Silvio Avalle, *Cultura e lingua francese delle origini nella "Passion" di Clermont-Ferrand*, Milano-Napoli, Ricciardi, 1962.

120. Cf. Tagliavini, 1972, pp. 501-502; G. Tavaní, *Breu història de la llengua catalana*, Barcelona, Edicions 62, 1994, pp. 45-46.

121. Cf. Tavaní, 1994, pp. 49-50; J. Corominas, "Las Vidas de Santos rosellonesas del manuscrito 44 de París", *Anales del Instituto de Lingüística de la Un. Nac. de Cuyo*, Mendoza, III, 1943, pp. 126-211 (tamén en J. Coromines, *Lleures i converses d'un filòleg*, Barcelona, Club Editor, 1971, 276-362; 2ª ed., 1974).

122. Cf. Maria Adelaide Valle Cintra, *Bibliografia de textos medievais portugueses*, Lisboa, Centro de Estudos Filológicos, 1960, esp. pp. 26-41, 73; Isabel Vilares Cepeda, *Bibliografia da Prosa Medieval em Língua Portuguesa*, Lisboa, Instituto da Biblioteca Nacional e do Livro, 1995; Giulia Lanciani / Giuseppe Tavaní (org. e coord.), *Dicionário da Literatura Medieval galega e portuguesa*, Lisboa, Caminho, 1993.

123. Cf. John M. Burnam, *An old Portuguese version of the Rule of Benedict*, Cincinnati, University, 1911 [University of Cincinnati Studies, VII]; J. J. Nunes, "Textos antigos portugueses", *Revista Lusitana*, XXI, 1918, 89-145; id., "Evolução da Língua Portuguesa exemplificada em duas lições principalmente da mesma versão da Regra de S. Bento e ainda nos fragmentos da mais antiga que se conhece", *Boletim da 2ª Classe da Academia das Ciências de Lisboa*, XIV, 1922, 222-313; XV, 1922, 224-262, 928-978; XVI, 1926, 538-637 (separata, Coimbra, 1926); Serafim da Silva Neto, "Regra de São Bento. Ed. crítica da mais antiga versão portuguesa acompanhada de breves notas filológicas", *Revista Brasileira de Filologia*, vol. 5, t. I-II, 1959-1960, 21-46.

124. A "Regra de nosso padre o muy bem aventurado Sam Bêeto Abade", en João Álvares, *Obras*. Ed. crítica com introdução e notas de Adelino de Almeida Calado. Vol. II: *Cartas e traduções*, Coimbra, Universidade [Acta Universitatis Conimbrigensis], 1959, pp. 6-90.

125. Cf. Mário Martins, "Livros de Sinais dos Cistercienses Portugueses", *Boletim de Filologia*,

Bernardo¹²⁶, o *Livro da hordem dos Coonegos Regrantas e crasteiros*¹²⁷, o *Libro da instrucción dos oficiais da orde dos Pregadores*¹²⁸, un *Regimento dos Sacristães-Mores do mosteiro de Alcobaça*, cisterciense (manuscrito do século XV hoxe desaparecido)¹²⁹, as *Constitucións das monxas da Orde de S. Domingos*¹³⁰, a *Crónica da Ordem dos Frades Menores*¹³¹ e outras obras impresas¹³².

Dá envexa ollar para Portugal vendo o que pasou coa Igrexa Católica en Galicia desde a Idade Media ós nosos días. Henrique Monteagudo¹³³ e Ramón Mariño¹³⁴, que o segue, din que textos coma os *Mirages de Santiago*, o fragmento do *Flos Sanctorum* e a *Corónica de Santa Maria de Iria* semellan indicar que o clero galego da Baixa Idade Media, ou cando menos algúns membros del, comezaba a producir versións galegas de textos eclesiásticos latinos, ben porque non se conformaba xa con eses textos latinos, ben porque había autores decididos a escribi-las súas propias versións sen lles importar que xa existisen outras en castelán ou en portugués ou simplemente porque as descoñecían, e recalcan que estes textos parecen concibirse coa intención de divulgar entre os fieis o coñecemento das

17. 1958, 293-352; íd., "Da vida e da morte dos monges de Alcobaça", *Brotéria*, 51, nº 2-3, 1950, 155-166 (en *Estudos de Literatura Medieval*, Braga, Livraria Cruz, 1956, pp. 245-256); íd., "O Livro dos usos da ordem de Cister", en *Estudos de Literatura Medieval*, 1956, pp. 237-244.

126. Cf. Henry H. Carter, "Paleographical edition of an old Portuguese version of the Rule of Saint Bernard (Codex Alcobacensis 200)", *PMLA*, LV, 1940, 360-395; Mário Martins, "Disciplina dos Monges", *Brotéria*, 72, 1961, 532-644.

127. Cf. Mário Martins, "O Livro da Ordem dos Cónegos Regrantas e Crasteiros", *Brotéria*, 52, 1951, 650-661 (incluído en *Estudos de Literatura Medieval*, 1956, pp. 223-235).

128. Cf. Mário Martins, "Uma versão medieval de Humberto de Romans", *Brotéria*, 68, 1959, 510-520.

129. Extractos publicados por Gabriel Pereira, "Trechos portugueses dos séculos XIV e XV", *Boletim da 2ª Classe da Academia das Ciências de Lisboa*, V, 1911, 329-335.

130. António Gomes da Rocha Madahil, "Constituições que no século XV regeram o Mosteiro de Jesus, de Aveiro, da Ordem de São Domingos", *Arquivo do Distrito de Aveiro*, 16, 1950, 282-316; 17, 1951, 67-69 (Separata, Aveiro, 1951).

131. *Crónica da Ordem dos Frades Menores (1209-1285)*. Manuscrito do século XV, agora publicado inteiramente pela primeira vez e acompañado de introdución, anotacións, glossário e índice onomástico por J. J. Nunes, 2 vols., Coimbra, Imprensa da Universidade [Academia das Ciências de Lisboa], 1911.

132. Por exemplo *Regra e perfeçam da conversaçom dos monges*, Coimbra, Germão Galharde, 1531. Tamén a *Regra e Estatutos da Ordem de Avis*, publicada en Almeirim en 1516.

133. "Aspectos sociolingüísticos do uso escrito do galego, o castelán e o latín na Galicia tardomedieval (ss. XIII-XV)", en Elvira Fidalgo-Pilar Lorenzo Gradín (coord.), *Estudios galegos en homenaxe ó profesor Giuseppe Tavani*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, Centro de Invest. Lingüísticas e Literarias Ramón Piñeiro, 1994, pp. 169-185 (esp. pp. 171-172, 178).

134. *Historia da lingua galega*, Santiago, Sotelo Blanco Edicións, 1998, p. 154.

vidas dos santos e as ensinanzas piadosas que delas se derivarían, ou ben como elementos de propaganda das igrexas de Santiago e Iria. Tamén indican que a Igrexa debeu de senti-la necesidade de transmitirlle a doutrina cristiá ó pobo no seu propio romance e de que debe ser recordada a noticia da existencia dun libro galego de homilías que se contén no testamento do arcebispo Bernaldo II de arredor de 1226, pois na relación de libros da súa biblioteca, hai "quidem liber vetus Omeliarum, de littera gallega", o que ben podería indicar que por volta de 1150 comezou a escribirse o galego *á galega*. Lamentablemente, no testamento do arcebispo Bernaldo non se di que o libro vello de homilías está escrito en galego, senón en letra gótica, e o fragmento do *Flos Sanctorum* está escrito en portugués e non en galego¹³⁵. Por outra banda os *Miragres* e a *Corónica de Iria* son libros de propaganda, sendo o segundo claramente unha crónica histórica e o primeiro ten unhas características especiais, pois só unha parte ten carácter relixioso. A verdade é que notamos en falta unha produción histórico-literario-relixiosa nas dióceses e nos mosteiros de Galicia. É certo que a documentación xurídica dos mosteiros aparece na maior parte escrita en galego e tamén nas outras institucións eclesiásticas se comeza co uso do galego, pero axiña empezan a chegar a Galicia bispos foráneos que introducen a lingua de Castela, pois non só veñen eles, senón que traen tamén ós seus familiares e a outras persoas do séquito, todas alleas á nosa lingua, que reciben os cargos máis importantes e contribúen á desgaleguización de determinadas camadas que se moven arredor do poder. Así pasa en Santiago cos arcebispos Suero Gómez de Toledo e Rodrigo de Manrique no século XIV e de maneira moito máis decisiva con Lope de Mendoza e Rodrigo de Luna no XV, que impoñen cada vez máis o castelán, sobre todo o segundo. O Cabido e o clero autóctonos aínda seguen usando o galego e nos primeiros sínodos tamén se escriben as Actas na nosa lingua, pero xa no século XV empeza a haber alternancia entre as dúas linguas e acaban por escribirse en castelán¹³⁶.

135. Para Fr. Atanasio López, que foi quen o publicou ("Códice en gallego de la "Legenda Aurea" o "Flos Sanctorum", *Boletín de la Real Academia Gallega*, Año XI, núm. 101, xan. 1916, pp. 97-107; núm. 102, febr. 1916, pp. 121-132), era un texto escrito en galego, pero xa unha nota da redacción do *Boletín* (nota 2, p. 98) chama a atención certoiramente dicindo que se trata dun texto portugués. Non contento con isto López insistiu en "Gallego y portugués (Observaciones sobre el códice gallego de la "Legenda Aurea")", *Boletín de la Real Academia Gallega*, Año XI, núm. 103, marzo 1916, pp. 145-147, chamándolle ó texto galego ou galaico-portugués dunha maneira arbitraria e pouco científica.

136. Cf. Monteagudo, 1994, p. 177-181; íd., "Aspectos sociolingüísticos do uso do galego, castelán e latín na Idade Media en Galicia", *Revista de Administración Galega*, I, 1985, 85-108 (pp. 101-104); Mariño, 1998, pp. 185-186, 188-192.

Tamén é incompreensible que nos mosteiros, habendo tanta documentación en galego, non sentisen os monxes a necesidade de traducí-las regras monásticas e outros textos á nosa lingua como se fixo en Portugal e noutras comunidades, porque, de o ter feito, algunha mostra destas traducións tería chegado ós nosos días. Para o galego foi negativo que as Ordes Relixiosas reorganizasen os mosteiros e concentrasen en Castela a súa administración, pois desta maneira os mosteiros galegos perderon a súa autonomía e pasaron a depender da Congregación de Valladolid e da Congregación de Castela, o que trouxo consigo a chegada de abades fóraños e a eliminación do galego nos documentos.

A Igrexa Católica Galega seguiu con devoción ó Imperio e contribuíu decididamente á castelanización, inundando tamén o galego de palabras alleas, como *abad*, *Cabildo*, *canónigo*, *Dios*, *obispado*, *Obispo*, etc. No século XVI a Galicia non podía chega-la Reforma luterana porque para iso estaban a Santa Inquisición e a Contrarreforma para impedi-lo, pero tampouco chegou o espírito do Concilio de Trento, pois cando nel se di que se traducise o *Catecismo* e se predicase na lingua do pobo, a Igrexa Católica, sempre tan preocupada polos intereses patrios, considerou que a lingua do pobo en Galicia era a que falaban uns pouquiños poderosos e esqueceu totalmente o idioma da maior parte da poboación. E así continuou ó longo dos séculos deica os nosos días, sen querer mudar de criterio.

En 1963 o papa Xoán XXIII estableceu que os gobernantes debían favorecer-los valores humanos das minorías étnicas, sobre todo no referente á lingua (na encíclica *Pacem in terris*, 97-99) e o Concilio Vaticano II decidiu que a Igrexa debía, por fin, utiliza-la lingua falada en tódalas cerimonias (na Constitución *Sacrosanctum Concilium*, promulgada o 5 de decembro de 1963), pero en Galicia as autoridades eclesiásticas, moi identificadas co réxime franquista, seguiron considerando que a lingua do pobo en Galicia era o castelán e o 1 de xaneiro de 1965 admitiron a liturxia nesta lingua. Só á forza autorizaron o 7 de xaneiro de 1969 a liturxia en galego, pero só puxeron pexas para que se levase a cabo¹³⁷. Pouco importa que se celebrase nos días 27-29 de xuño de 1976 o Concilio Pastoral de Galicia, que se aprobasen unhas proposicións sobre a liturxia en

137. Cf. M. Caamaño Suárez-X. M. Rodríguez Pampín, *Pro e contra da liturxia en galego. Historia dunha polémica*, Vigo, Sept, 1980. Véxase tamén Daniel López Muñoz, *O idioma da Igrexa en Galicia*, Santiago, Consello da Cultura Galega, 1989; Xesús Ferro Ruibal, *A Igrexa e a lingua galega*, 1987; id., "Lingua galega e relixión", *Grial* XXVIII, nº 107, 1990, pp. 335-357; Xosé Antón Miguélez Díaz, "Galego e nacionalismo: desafío á Igrexa", *Encrucillada*, nº 60, nov.-dec. 1988, pp. 465-480.

galego¹³⁸ e que o 24 de agosto de 1976 os bispos galegos refrendasen as decisións deste *Concilio* e se crease a Comisión da Liturxia en Galego. Pouco importa que en 1979 se publicase *O Novo Testamento* (Vigo, Sept), en 1987 o *Misal Romano*¹³⁹, en 1989 a *Biblia* (Vigo, Sept, 1989) e despois aínda outros textos litúrxicos. A Igrexa, en xeral, segue sendo allea á lingua maioritaria. Se, como din eles, hai inferno van todos de fuciños para el e ben que o merecen. A toda esta xente inflexible na propagación do castelán podería aplicarse o que di un documento do mosteiro de Oia do 14 de xaneiro de 1329 (AHN, Carpeta 1825, nº 3): por non cumprir coa lei deberían te-la “maldiçón de Deus padre et de Santa María, súa madre, et de tódolos santos” e deberían ir como “fe peiuros aos fogos dos infernos a so o cuu de Yudas”, pois están pecando contra os propios mandamentos eclesiásticos, que lles ordenan utiliza-la lingua da comunidade, que en Galicia, mentres non se demostre o contrario, é o galego.

Dá pena entrar nunha igrexa parroquial e ver ó crego facer tódalas cerimonias en castelán, cando el normalmente fóra do altar fala con tódolos fregueses en galego. O mal que fixeron e seguen a facer é terrible e resulta incomprendible tanta falta de caridade cristiá.


Esperemos que haxa unha revolución respecto á lingua. No mundo actual todo está en contra das linguas coma a nosa e nada favorece a súa conservación. Pedirlles ós que teñen os poderes que nos apoiem é inútil porque nunca o fixeron. Teremos que loitar nós dunha maneira máis efectiva para que os nosos netos e descendentes poidan seguir disfrutando dela.

Por Galicia. Porque Galicia existirá mentres exista a lingua, porque se o galego vai esmorecendo, se non se recupera e non se impón na nosa terra, Galicia non terá razón de existir. Un pobo que non sente orgullo de fala-la súa lingua, que non comprende que a cousa máis importante que o ser ten é a lingua, un pobo así non ten dereito a existir como entidade diferencial.

138. Houbo fortes discusións e monseñor Rouco Varela, nomeado consultor, enviou desde Salamanca un informe contrario á introducción da liturxia en galego. Anos despois Rouco Varela pasou a ser arcebispo de Santiago e, como é de supor, non fixo absolutamente nada pola lingua.

139. Aínda que as autoridades eclesiásticas só nos deron as gracias pola corrección do texto, a verdade é que un equipo formado polo teólogo Andrés Torres Queiruga, os lingüistas Antón Santamarina, Rosario Álvarez e Ramón Lorenzo e os escritores Ramón Piñeiro e Carlos Casares tivemos que face-la tradución do latín ó galego, pois as dúas Comisións eclesiásticas encargadas de facela tiveron a ocorrencia de traducir ou ben do *Misal* castelán ou ben do francés.

RESPOSTA
DO ILUSTRÍSSIMO SEÑOR
DON CONSTANTINO GARCÍA



Ilustrísimo señor Presidente da Real Academia Galega, señoras e señores académicos, miñas donas e meus señores.

No ano 1962 estaba eu de lector de español na universidade de Bonn, posto ó que me obrigaran a ir os meus mestres Rafael Lapesa e Dámaso Alonso dous anos antes, a pesar de que eu xa tiña a vida resolta en Madrid. Foi daquela cando apareceu na Universidade de Colonia como lector de español Ramón Lorenzo Vázquez, tamén obrigado polo mestre Dámaso Alonso.

A relación entre os universitarios de Bonn e Colonia, cidades renanas separadas soamente por vintetantos quilómetros, era moi grande. Eu tiña verdadeira amizade co seu xefe Joseph M. Piel, co seu colega no lectorado Gonzalo Sobejano e con outros colonienses máis... Así pois, dende hai trinta e seis anos Lorenzo e eu convivimos amigablemente...

Naquela época o meu amigo, que xa lera a súa memoria de licenciatura sobre os arcaísmos nos cancioneros galego-portugueses medievais, estaba traballando na realización da súa tese de doutoramento baixo a dirección de Dámaso Alonso, que vai ler pouco despois en Madrid e que aparecerá publicada en dous enormes volumes editados polo Instituto de Estudios Ourensáns P. Feijoo en 1975 e 1977 co título de *La traducción gallega de la Crónica General y de la Crónica de Castilla*.

Teño que dicir como lexicógrafo que o segundo volume é o Glosario desas obras, en 1.342 páxinas, nas que se recollen tódalas voces que aparecen nesas crónicas, que son estudiadas etimoloxicamente, que conteñen tódalas súas variantes e que son seguidas do uso delas que se fan noutros textos. Ese glosario é unha auténtica historia das nosas palabras. Sigo pensando que aínda hoxe segue sendo unha obra mestra no mundo do léxico.

No curso 1965-1966 eu incorpórome á Universidade de Santiago como catedrático de Filoloxía Románica, e tres anos despois vén para Compostela como profesor interino Ramón Lorenzo, que en 1973 gaña as oposicións da cátedra de Filoloxía Románica en Valladolid e tivo que ir para

alá, pero coa sorte de que catro anos despois pode volver a Santiago como catedrático de Gramática Histórica de Lingua Española e tres anos máis tarde ten a posibilidade de pasar a ser catedrático de Lingua e Literatura Galegas.

Ramón Lorenzo naceu en Bugallido, a poucos quilómetros de Santiago, dentro dunha familia que tiña como lingua normal o galego e tivo que ir aprendendo a lingua castelá na escola, no instituto e no contacto coa xente cidadá de Compostela.

Cando comeza a estudar na Universidade de Santiago ten a ocasión de tratar a Otero Pedrayo, Bouza Brey ou Ramón Piñeiro, ten como compañeiros a Méndez Ferrín, Franco Grande, Rodríguez Mourullo, vive no mundo ou, mellor dito, no ambiente dos literatos galegos e asiste ós faladoiros do Café Español. Así pois, cando ten 18 ou 19 anos de idade non soamente é un estudante da Facultade de Filosofía e Letras, senón tamén un verdadeiro literato.

No tomo I da *Homenaxe a Ramón Lorenzo*, publicado en 1998, vén un fermoso artigo de Xosé Luís Méndez Ferrín, titulado "Anos de formación de Ramón Lorenzo"¹; del recollemos estas frases: "Recibe a chamada da poesía. Produce entón, dentro dunha estilística próxima á imaxinería surrealista e cun sentimentalismo radical de orixe existencialista, grande cantidade de poemas que foron neste período de tempo reiteradamente premiados; moi especialmente, recibiu varias veces o galardón das Festas Minervais Compostelás... Ao tempo que o Centro Galego de Bos Aires, onde influía daquela a intelectualidade galega exiliada, lle concedía o Premio Castelao polo libro de narracións, aínda inédito, *Isa loita...*"

E o seu compañeiro Méndez Ferrín afirma que Madrid non causou moi boa impresión en Ramón Lorenzo: "Pareceulle unha cidade suxa, ruidosa, provinciana e moi diferente da colleita pero máis europea Compostela..." E lembra tamén como a Ramón Lorenzo lle encantaban as clases de Historia do Español e de Lingüística Románica que impartían Rafael Lapesa e Dámaso Alonso; de aí que quedase entusiasmado xa para sempre polo mundo da Filoloxía...

Neses anos madrileños continuou co cultivo das obras literarias xunto con Méndez Ferrín, Fernández Ferreiro, Bernardino Graña, Alexandre Cribeiro, Herminio Barreiro formando parte dun círculo literario que foi denominado Brais Pinto.

1. Dieter Kremer (ed.), *Homenaxe a Ramón Lorenzo*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela, vol. I, 1998.

Pero a súa marcha a Alemaña e a súa intensificación do seu labor de investigación lingüística e da realización da súa tese de doutoramento fai que vaia esmorecendo o seu labor de poeta...

Como dicíamos antes, dende moi novo comezou cos traballos sobre a lingua propia, é dicir, a da Maía. Nos anos 1962, 1963, 1964 aparecen na *Revista de Dialectoloxía e Tradiciones Populares* e nos *Cuadernos de Estudios Gallegos* os seus "Estudios etnográfico-lingüísticos sobre La Mahía y aledaños", nos que aparece información variada do mundo do léxico referente ós temas concretos do ámbito agrícola.

Cando nos anos 1969, 1970, etc. está en Santiago como profesor de Lingüística Xeral, Lingua e Literatura Española, etc. xa traballa connosco no Departamento de Filoloxía Románica e máis tarde no Instituto da Lingua Galega e como froito desta colaboración figura no grupo de investigadores ou profesores que fixémo-los métodos de *Galego 1*, *Galego 2*, *Galego 3*, *Diccionario básico da lingua galega*, e en 1974 publicámo-lo primeiro número da revista *Verba*, na que xunto comigo, Antón Santamarina, Guillermo Rojo, Couceiro e Ríos Panisse tivémo-la inmensa sorte de atopar como colaboradores a Carballo Calero, Xosé Luís Pensado, Manuel Alvar e ós nosos mestres xermanos Harri Meier e Joseph M. Piel. Perdoade que lembre con afecto aquela data desta revista que actualmente segue aparecendo, agora baixo a dirección de Ramón Lorenzo.

E non vou lembrar xa tantas e tantas tarefas lingüísticas que segue cultivando aínda despois de ser proposto como membro desta Real Academia Galega dende 1981. Si, efectivamente, dezaioito anos pasaron para que tiveramos agora a honra de dicir: "Benvido, Ramón". Benvido, e no fondo estou de acordo coas túas dúbidas en se ti é-lo sucesor de Eduardo Blanco Amor, a quen podíamos cualificar de estupendo ou magnífico escritor, pero que non leu o discurso de ingreso na nosa institución. Así pois, tal vez deberíamos pensar que ti é-lo sucesor do catedrático da Universidade de Santiago don Paulino Pedret Casado, que ingresou en 1941 e faleceu en 1969. Por tanto, ti herdás hoxe a praza ou posto de académico baleiro dende hai trinta anos.

Quero sinalar que o noso académico é un home que ten as ideas moi claras sobre "o galego coma lingua independente e non coma comparsa de ningunha outra, por moi semellante que sexa á nosa. Se me interesa o galego é coma lingua propia, coma lingua que non necesita da tutela de ningunha outra lingua irmá..."

E eu estou totalmente de acordo con el nas ducias e ducias de exemplos que cita de castelanismos e lusismos que algúns queren impor. Se to-

dos dicimos ó ¿que fin ten escribir *ao*? Se dende o século XIII están vivas as formas *propio* ou *vencemento*, ¿por que imos dicir ou escribir *proprio* ou *vencemento*? Se dende a época medieval xa se dicía *nacer*, *merecer*, *padecer*, ¿por que imos dicir ou escribir *nascer*, *merescer* ou *padescer*?

Pero non estou totalmente de acordo con Lorenzo na súa preocupación polo uso cada vez menor do galego na sociedade actual galega. Si é certo que o uso desta lingua no ámbito infantil que el viviu non é tal actualmente, pero no ambiente compostelán hai vintecinco anos, falar galego era algo así como mostrar que se era un ser inferior. Nesa época na propia universidade e non digamos nos medios de comunicación case podo dicir que non existía o galego... Sen embargo, coa recuperación da democracia no país chega a recuperación da lingua galega e hai uns anos cheguei a escribir eu mesmo que o uso do galego na televisión foi algo tremendamente favorable para a nosa lingua. E permítanme tamén lembrar esta frase que escribín nos anos oitenta: “Iota Erre fixo máis polo galego que tódolos escritores, académicos e mestres xuntos”. Digamos en serio que gracias á televisión deixou a xente de pensar que a lingua galega era soamente unha lingua familiar.


Estou totalmente de acordo con todo o que Ramón Lorenzo falou da actitude da igrexa católica galega en contra da nosa lingua. Nunca se me esquecerá o que o arcebispo de Santiago me dixo en 1977 sobre a postura antigaleguista dos seus subordinados: “Os nosos cregos ou curas están convencidos de que Deus non coñece o galego e por iso hai que falarlle en castelán...”

En fin, ¿que máis podo dicir? Remato manifestando a miña satisfacción como académico de que formes parte da nosa institución e de que colabores con todo fervor e entusiasmo en tantas e tantas tarefas que témo-la obriga de realizar en ben da lingua galega.

ÍNDICE

DISCURSO DO ILUSTRÍSIMO SEÑOR DON RAMÓN LORENZO.....	7
RESPOSTA DO ILUSTRÍSIMO SEÑOR DON CONSTANTINO GARCÍA.....	65

Este libro,
Reflexións crítico-eruditas
e sentimentais sobre a lingua,
rematouse de imprimir
o 3 de maio de 1999



ISBN 84-87987-16-8



9 788487 987168

REAL
GA
A C

37

Bibl

ACAD
LEGA

ORU

78

note